

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día cinco de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1452).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión sesión ordinaria do 21 de novembro e extraordinaria e urxente do 21, 24 e 25 de novembro de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1453).- SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE “AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “OTOÑO LÍRICO”, ANO 2014. EXPTE. 11973/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 18/11/14 e de fiscalización do 24/11/14, dáse conta do informe-proposta do 07/11/14, do técnico de Admon. Xeral da Alcaldía conformado pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 08 de outubro de 2014 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito do Presidente da ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO en solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvemento da súa actividade.

2º.- No dito escrito faise constar que a ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada a fomentar o coñecemento e difusión da mellor música entre toda a sociedade viguesa; ten intentado e conseguido atraer a Vigo aos mellores intérpretes, incorporando a súa oferta musical, cun un criterio ecléctico as mellores óperas, descubriendo así para o gran público da cidade o nunca suficientemente coñecido tesouro da música; que neste cometido, e mediante novos acordos, esta oferta musical foise ampliando con concertos de gran orquesta; e, en fin, que a solicitante ven facilitando o acceso aos concertos que oferta dos alumnos dos conservatorios y escolas de música da cidade, como contribución as novas xeracións de futuros intérpretes.

3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria das actividades realizadas e a realizar.
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.
- Copia dos estatutos da asociación.
- Copia do DNI do presidente da asociación.
- CIF sociedade.
- Certificación bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.

4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor da ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO , na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.05, a cantidade de 40.000 euros.

5º.- Con estes antecedentes o servizo técnico da Alcaldía procedeu a redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO para o desenvolvemento da súa actividade de fomento coñecemento e difusión da ópera entre a sociedade viguesa, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: “1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria”; que “2. As Corporacións

Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local”; que “En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación” e, por último, que “3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á finalidade prevista”.

Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é, no caso que nos ocupa, o fomento da cultura.

Tercera.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) promoción da cultura e equipamentos culturais.

Cuarta.- A actividade de fomento, coñecemento e difusión musical que desenvolve a ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuir, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor desta asociación, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.05, a cantidade de 40.000 euros.

Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvencións establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007 LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.

Sétimo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Autorizar o gasto por importe de 40.000 euros, a favor da ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.05 “Amigos da Opera”, en concepto de subvención a actividade desta asociación no ano 2014, para levar a cabo o programa “Otoño Lírico 2014”. A entrega da subvención á ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación da programación correspondente as actividades realizadas no ano 2014, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados. A presentación da memoria*

xustificativa e xustificantes de pago deberá ter lugar antes do día 20 de decembro de 2014”.

2. “Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO, que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadruar á execución do programa de concertos realizados e por realizar na cidade pola asociación solicitante no ano 2014; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “OTOÑO LIRICO” NO ANO 2014.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Pedro Pablo Gutiérrez González, como presidente da entidade Asociación de Amigos de la Opera, CIF nº G-36622116 e enderezo social na rúa Venezuela 22 – 1º B, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11973-101.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** e unha entidade se ánimo de lucro, que se adica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor ópera entre a sociedade viguesa, mediante a programación de Concertos e outras actividades, a fin de promover a afeción á música como actividade tanto cultural coma social.

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO**, coma medio que é de promover a ópera na Cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.05, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO**, a cantidade de 40.000 euros.

IV.- Que a **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao

corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo mais arriba citado.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de concertos para o ano 2014, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 11973/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades e concertos previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

A **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** comprométese igualmente a colaborar co Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión da ópera e da cultura musical, e concretamente a:

1º. Poñer a disposición do Concello de Vigo a súa experiencia e infraestrutura en todas aquelas actividades que constitúen o obxecto propio da **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO**

2º. Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas musicais desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO**.

3º. Facilitar gratuitamente a entrada aos concertos que organice a **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** do alumnado dos conservatorios e escolas de música de Vigo.

4º. Achegar gratuitamente ao Concello de Vigo cincuenta entradas para todos e cada un dos concertos e actividades que realice.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos musicais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** (revista, web, etc).

3º.- Conceder á **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** unha subvención por importe de 40.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.05 "Amigos da Opera" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación musical no ano 2014.

A entrega da subvención á **ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO** realizarase contra a presentación da memoria xustificativa e de avaliación das programacións

correspondentes as actividades realizadas no ano 2014, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados. A presentación da memoria xustificativa e xustificantes de pago correspondentes as actividades realizadas deberá ter lugar antes do día 15 de decembro de 2014.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2014.

A ASOCIACION DE AMIGOS DE LA OPERA DE VIGO achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 15 de decembro de 2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de

pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados a programación do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo.
- Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2014.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da

entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto

presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade

subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo

Pedro Pablo Gutiérrez
Presidente Amigos de la Opera"

3(1455).- DAR CONTA DAS SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS:

A Asesoría Xurídica, dá conta á XGL dos seguintes sentenzas e autos:

A) EXPTE. Nº 8007/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 123/2013 P.O. DEMANDANTE: SETEX APARKI, S.A. OBXECTO: XGL 8-3-2013 (REINTEGRO DE PAGAMENTOS INDEBIDOS). REVISIÓN DE PREZOS CONTRATO RETIRADA VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA (EXPTE.: 19269/240). ESTIMADO O RECURSO.

B) EXPTE. Nº 8692/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 174/14 P.A. DEMANDANTE: D. MIGUEL A. GÓMEZ ÁLVAREZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 18-3-2014 (EN REPOSICIÓN). SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO O RECURSO.

C) EXPTE. Nº 7684/111. DECRETO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO NO PROCEDIMENTO 1075/2012 (MSCT). DEMANDANTE: D. JUAN CARLOS DOVIGO PRIETO (DELEGADO SINDICAL DE CLECE). OBXECTO: LEXITIMACIÓN ACTIVA ... E HORARIO (CONDICIÓNS DE SUBROGACIÓN).CONTRATO ADMINISTRATIVO, PROGRAMA INFANCIA E FAMILIA (EXPTE.: 59058/301). DESESTIMENTO DO ACTOR.

D) EXPTE. Nº 8318/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 294/13 P.O. DEMANDANTE: D. ALFONSO VIDAL GUNTÍN E D^a MATILDE ROUCO GARCÍA OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 13.9.2013 SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA POR CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 20.3.2012. DESESTIMADO O RECURSO.

E) EXPTE. Nº 8727/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 242/14 P.A. DEMANDANTE: D^a M^a JULIA RODRÍGUEZ HERMIDA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 26-6-2014. E.P. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA POR CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 4.10.2012. ESTIMADO PARCIALMENTE.

F) EXPTE. Nº 8769/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 257/14 P.A. DEMANDANTE: D. FRANCISCO GUITIÁN LEMA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 5.11.2013. SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO O RECURSO.

G) EXPTE. Nº 8747/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 254/14 P.A. DEMANDANTE: D^a CLARA A. PAZOS IGLESIAS. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 5.5.2013. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA POR CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 12.4.2012. DESESTIMADO O RECURSO.

H) EXPTE. Nº 7914/111. SENTENZA DO X. MERCANTIL Nº 3 DE PONTEVEDRA CON SEDE EN VIGO. PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 56/2013. DEMANDANTE: DONA MARIA ISABEL MOURIÑO PINO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN POR SILENCIO DA RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA SOBRE VULNERACIÓN DO DEREITO Á PROPIEDAD INTELECTUAL POLO TRASLADO E DEPÓSITO DA OBRA “VICUS PETRAE”. ESTIMADA PARCIALMENTE A DEMANDA.

I) EXPTE. Nº 7957/111. SENTENZA TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 4003/2014, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENCIA DESESTIMATORIA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 104/13 P.O. (LESIVIDADE). OBXECTO: LESIVIDADE DE ACORDOS DA XGL 23-3-09, 14-6-2010 E 8-11-2011. REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SETEX-APARKI, S.A. CONTRATO ADMINISTRATIVO DO 8-1-2007. DESESTIMADA A APELACIÓN.

K) EXPTE. 5516/11. SENTENZA 2ª INSTANCIA DO TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 2ª. APELACIÓN Nº 4228/2014. SENTENZA Nº 772, DO 9 DE OUTUBRO DE 2014. DEMANDANTE JOSEFA DE LA CAMPA FALQUE. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Acordo

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(1456).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DO 19.09.14 RELATIVO ÁS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR DO CURSO 2014-2015. EXPTE. 93407/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27/11/14, dáse conta do informe-proposta do 04/12/14, da diplomada en Traballos Sociais, conformado pola xefa do servizo, polo asesor xurídico, xefe de área e pola concelleira-delegada de Políticas de Benestar, que di o seguinte:

“I.- FEITOS / ANTECEDENTES

I. 1.-Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións e réxime de avaliación individualizada, das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para

alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, do Concello de Vigo – curso 2014-2015.

I. 2.- *Por acordo da Xunta de Goberno Local- XGL en sesión ordinaria de 25 de abril de 2014 (BOP núm. 89 do 12 de maio de 2014), convócanse subvencións en réxime de avaliación individualizada dirixidas ás familias das/os alumnas/os de centros docentes públicos o privados concertados de educación infantil 2ª etapa, educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2014-2015 para libros, material escolar e comedor.*

A XGL de 25 de abril de 2014 compromete o gasto para ás axudas de libros, material escolar e comedor con cargo á aplicación orzamentaria 2310. 4810000 (Becas libros, material escolar e comedor) do orzamento de Benestar Social do Concello.

As bases foron publicados no taboleiro oficial da Casa do Concello , nos centro de servizos sociais (Unidade de Traballo Social) e na páxina web do Concello.

Con data 19 de setembro de 2014, a XGL en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de resolución do expediente de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor curso 2014-2015.

Con data 10 de outubro de 2014, a XGL en sesión ordinaria adoptou o acordo de proposta de autorización de gasto para adxudicar a totalidade da lista de agarda de axudas municipais escolares de libros e comedor, curso 2014-2015

Existe crédito para facer fronte aos gastos para as axudas de libros e material escolar e comedor das/os alumnas/os de educación infantil (2ª etapa, 3, 4 e 5 anos) para o curso 2014-2015, con cargo a partida orzamentaria núm. 2310.4810000 do departamento de Benestar Social.

I. 3.- *Tramitados os expedientes conforme o disposto na base décimo cuarta da convocatoria establécese o réxime de reclamacións, estipulando que contra as bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.*

No prazo de presentación de recursos potestativos de reposición , do 20 de setembro ao 20 de outubro de 2014, presentáronse 31 recursos, e un fora de prazo o día 6 de novembro, facendo un total de 32 recursos.

RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS

REGISTRO					
	NÚMERO	DATA	DNI	APELIDOS	NOME
1	140124193	15/10/14	36163644P	ALONSO RICART	SANTIAGO
2	140115348	26/09/14	36105531Q	BARROS PÉREZ	ADOLFO
3	140112897	20/09/14	X6668016V	CABRERA FERNÁNDEZ	ALCIDES
4	140113192	22/09/14	Y3306451P	CALIN	CERASELA NICOLETA
5	140113427	22/09/14	53183561V	CESPÓN COSTAS	BIBIANA
6	140113767	23/09/14	36071230P	COVELO CAMESELLE	ALFONSO
7	140114350	24/09/14	32809582J	DE LA SIERRA DOMÍNGUEZ	JAQUELINE
8	140114327	24/09/14	36145509C	FERNÁNDEZ TEIXEIRA	Mª DEL CARMEN
9	140114965	25/09/14	34983922W	FILGUEIRA CONDE	SONIA
10	140112895	20/09/14	54428393C	GABRIEL DASILVA	RITA MARÍA
11	140117263	01/10/14	36113051S	GIL FERNANDEZ	JOSE RAMON
12	140113699	23/09/14	76911656R	GONZÁLEZ GONZÁLEZ	Mª MONTSERRAT
13	140113756	23/09/14	36130881C	GONZÁLEZ MONTEIRO	NATALIA
14	140114712	25/09/14	34635925H	GUTIÉRREZ LAGE	LUCÍA
16	140124141	15/10/14	36091949G	LORENZO BORRAJO	Mª ISABEL
17	140134997	06/11/14	20174073Z	MARTIN RUIZ	JAVIER
18	140126946	21/10/14	36109883K	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	CARLOS
19	140122719	13/10/14	39498872X	PACHECO TITUAÑA	Mª GLADYS
20	140120048	07/10/14	35458291L	PIÑEIRO RODRÍGUEZ	Mª TERESA
21	140115421	26/09/14	36070507k	POSADA MOREIRA	JULIO M
22	140115515	26/09/14	36138230D	POSSE GONZÁLEZ	EVA
23	140113716	23/09/14	36139644C	RAMILO VILA	REBECA
24	140120024	07/10/14	76898127L	REGUEIRA BELEIRO	Mª DEL MAR
25	140113151	22/09/14	53180962V	REGUEIRO PARCERO	ROCIO
26	140122071	10/10/14	25165311E	REY MÁRQUEZ	DOLORES CARMEN
27	140124367	15/10/14	36118559A	REY TEIXEIRA (*)	PAULA (*)
28	140115940	29/09/14	75133301Y	RÍOS ROMERO	Mª PILAR
29	140113080	22/09/14	39459838A	SANTISO DASILVA	MARIELA
30	140113246	22/09/14	36153580H	SUÁREZ ROMÁN	VERÓNICA
31	140113689	23/09/14	36147089J	TOBIO GONZÁLEZ	Mª BEGOÑA
32	140115473	26/09/14	36088372S	VÁZQUEZ FACCHINI	ANA MARÍA

(*) Presenta Recurso Manuel Ángel Lores Infante

Na Comisión de valoración designada ao efecto, elevouse proposta de resolución , achegando a acta da ditada comisión de data 3 de novembro de 2014, na que se salientan as distintas propostas de estimación ou desestimación dos recursos de reposición, sendo a proposta da Comisión a seguinte:

«1.- Estimar catorce dos recursos de reposición (tres de libros e material escolar, tres de comedor escolar, e oito por ambos conceptos) que se relacionan no ANEXO -I que comeza por Cabrera Fernández, Alcides e remata por Vázquez Facchini, Ana María, así como os importes salientados para cada un deles de libros, material escolar e/ou comedor con cargo ás baixas producidas das anteriores adxudicacións, non facendo falla novo contraído para o gasto.

ANEXO I-RECURSOS ESTIMADOS E MOTIVOS

	APELIDOS	NOME	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE MES
1	CABRERA FERNÁNDEZ	ALCIDES	1	0,00 €	123,00 €
2	CALIN	CERASELA NICOLETA	1	80,00 €	0,00 €
3	CESPÓN COSTAS	BIBIANA	1	80,00 €	41,00 €
4	DE LA SIERRA DOMÍNGUEZ	JAQUELINE	1	80,00 €	41,00 €
5	FILGUEIRA CONDE	SONIA	2	160,00 €	82,00 €
6	GIL FERNANDEZ	JOSE RAMON	1	80,00 €	0,00 €
7	GONZÁLEZ GONZÁLEZ	Mª MONTSERRAT	2	80,00 €	41,00 €
8	LORENZO BORRAJO	Mª ISABEL	1	0,00 €	41,00 €
9	PACHECO TITUAÑA	Mª GLADYS	1	160,00 €	0,00 €
10	PIÑEIRO RODRÍGUEZ	Mª TERESA	2	80,00 €	41,00 €
11	REGUEIRA BELEIRO	Mª DEL MAR	2	160,00 €	123,00 €
12	REY MÁRQUEZ	DOLORES CARMEN	1	0,00 €	41,00 €
13	RÍOS ROMERO	Mª PILAR	1	80,00 €	82,00 €
14	VÁZQUEZ FACCHINI	ANA MARÍA	2	80,00 €	41,00 €

Códigos

1

Corrección de erro material

2

Base 6.g: deterioro situación económica año 2014

2.- Desestimar dezaioito dos recursos de reposición presentados que se relacionan no Anexo-II que comenza por Alonso Ricart, Santiago e finaliza por Tobío González, M^a Begoña, por incumprir os requisitos das bases, salientando para cada un deles a causa concreta da denegación

ANEXO II- RECURSOS DESESTIMADOS E MOTIVOS

	APELIDOS	NOME	RECURSO	MOTIVO
1	ALONSO RICART	SANTIAGO	DESESTIMADO	a
2	BARROS PÉREZ	ADOLFO	DESESTIMADO	g
3	COVELO CAMESELLE	ALFONSO	DESESTIMADO	g
4	FERNÁNDEZ TEIXEIRA	M ^a DEL CARMEN	DESESTIMADO	g
5	GABRIEL DASILVA	RITA MARÍA	DESESTIMADO	i
6	GONZÁLEZ MONTEIRO	NATALIA	DESESTIMADO	g
7	GUTIÉRREZ LAGE	LUCÍA	DESESTIMADO	g
8	LABORDA PARTIDA	PALOMA	DESESTIMADO	g
9	MARTÍN RÚIZ	JAVIER	DESESTIMADO	j
10	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	CARLOS	DESESTIMADO	g
11	POSADA MOREIRA	JULIO M	DESESTIMADO	g
12	POSSE GONZÁLEZ	EVA	DESESTIMADO	g
13	RAMILO VILA	REBECA	DESESTIMADO	i
14	REGUEIRO PARCERO	ROCIO	DESESTIMADO	g
15	REY TEIXEIRA (*)	PAULA (*)	DESESTIMADO	g
16	SANTISO DASILVA	MARIELA	DESESTIMADO	a
17	SUÁREZ ROMÁN	VERÓNICA	DESESTIMADO	g
18	TOBIO GONZÁLEZ	M ^a BEGOÑA	DESESTIMADO	g

(*) Presenta Recurso Manuel Ángel Lores Infante

a) A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo á data fin presentación solicitudes

g) Que a capacidade económica da unidade familiar non exceda do 75% do IPREM, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.792,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar ou equivalente ao subsidio básico da RISGA (4.792,56 €/anuais).

Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización da hipoteca da vivenda que constitúa o seu domicilio, dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ós 3 meses anteriores á convocatoria

i) Por estar subvencionado o servizo de comedor pola Xunta de Galicia

j) Recurso presentado fora de prazo

3.- *Publicar este acordo e os seus anexos na web oficial, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.*

4.- *Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo»*

II.- *NORMATIVA EXAMINADA*

- *CE/1978 (Constitución Española, 29 decembro 1978)*
- *EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO 1/1981, do 6 de abril)*
- *LBRL (L7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local)*
- *L27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local*
- *L5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local*
- *L19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *TRRL (RDLex. 781/1986,do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legias vixentes en materia de Réxime Local)*
- *LALGA (L 5/ 1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia)*
- *LRX-PAC (L 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Admóns. Públicas e do procedemento administrativo común)*
- *LRXCA (L 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa)*
- *L 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*
- *L 13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia*
- *LXS (L 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións)*
- *LSG (L 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia)*
- *RD 887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións*
- *Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014- Concello de Vigo*

III. DEREITO VALORACIÓN XURÍDICA

III. 1.- En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2.- Os trinta e dous recursos potestativos de reposición presentados e recollidos no cadro que figura no punto I.3 anterior, e que comeza por Alonso Ricart, Santiago e finaliza por Vázquez Facchini, Ana María, diríxense contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de setembro de 2014, desestimatorios da súas solicitudes de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria das «AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATEIRAL ESCOLAR E COMEDOR PARA O CURSO 2014-2015»

III.3. Da totalidade dos escritos de recursos potestativos de reposición, trinta e un deles, cumpren os requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma pola persoa interesada e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdes- LRX-PAC), solicitando as estimacións dos recursos e , en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión directa solicitada na instancia.

Un dos recursos de reposición preséntase fora de prazo, o día 6 de novembro de 2014 (sendo o prazo de interposición do 20 de setembro ao 20 de outubro), pola persoa interesada e tamén solicita a estimación do recurso e , en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión directa solicitada na instancia

III.4.- De acordo co disposto no Art 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art 42.1 LRX-PAC)

III.5.- Procede pois, entrar a coñecer os catorce recursos enumerados no Anexo I do punto I.3 anteriormente mencionado , que comeza por Cabrera Fernández, Alcides e finaliza por Vázquez Facchini, Ana María; recursos que propoñemos **ESTIMAR** expresamente toda vez que, revisadas de novo as súas solicitudes resultan comprobados os motivos salientados individualmente para cada caso particular.

En consecuencia, debe recoñecerse:

- A tres das persoas recorrentes o dereito a percibir axudas para libros e material escolar
- Para tres das persoas recorrentes o dereito a percibir axudas para comedor escolar
- Para oito das persoas recorrentes o dereito a percibir axudas para libros e materia escolar e para comedor escolar.

III.6.- Procede, así mesmo, entrar a coñecer os dezaioito recursos enumerados no Anexo II do punto I.3 anteriormente mencionado, que comeza por Alonso Ricart, Santiago, e finaliza por Tobío González, M^a Begoña, recursos que propoñemos **DESESTIMAR** expresamente, toda vez que , revisadas de novo as súas solicitudes resultan comprobados os motivos salientados individualmente para cada caso incumprindo os requisitos das bases.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, **propónse á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte,

«ACORDO

Primeiro. Estimar catorce dos recursos de reposición (tres de libros e material escolar, tres de comedor escolar, e oitos por ambos conceptos) que se relacionan no ANEXO -I que comeza por Cabrera Fernández, Alcides e remata por Vázquez Facchini, Ana María, así como os importes salientados para cada un deles de libros, material escolar e/ou comedor con cargo ás baixas producidas das anteriores adxudicacións, non facendo falla novo contraído para o gasto.

ANEXO I-RECURSOS ESTIMADOS E MOTIVOS

	APELIDOS	NOME	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE MES
1	CABRERA FERNÁNDEZ	ALCIDES	1	0,00 €	123,00 €
2	CALIN	CERASELA NICOLETA	1	80,00 €	0,00 €
3	CESPÓN COSTAS	BIBIANA	1	80,00 €	41,00 €
4	DE LA SIERRA DOMÍNGUEZ	JAQUELINE	1	80,00 €	41,00 €
5	FILGUEIRA CONDE	SONIA	2	160,00 €	82,00 €
6	GIL FERNANDEZ	JOSE RAMON	1	80,00 €	0,00 €
7	GONZÁLEZ GONZÁLEZ	Mª MONTSERRAT	2	80,00 €	41,00 €
8	LORENZO BORRAJO	Mª ISABEL	1	0,00 €	41,00 €
9	PACHECO TITUAÑA	Mª GLADYS	1	160,00 €	0,00 €
10	PIÑEIRO RODRÍGUEZ	Mª TERESA	2	80,00 €	41,00 €
11	REGUEIRA BELEIRO	Mª DEL MAR	2	160,00 €	123,00 €
12	REY MÁRQUEZ	DOLORES CARMEN	1	0,00 €	41,00 €
13	RÍOS ROMERO	Mª PILAR	1	80,00 €	82,00 €
14	VÁZQUEZ FACCHINI	ANA MARÍA	2	80,00 €	41,00 €

Segundo. Desestimar dezaioito dos recursos de reposición presentados que se relacionan no Anexo-II que comenza por Alonso Ricart, Santiago e finaliza por Tobío González, M^a Begoña, por incumprir os requisitos das bases, salientando para cada un deles a causa concreta da denegación.

ANEXO II- RECURSOS DESESTIMADOS E MOTIVOS

	APELIDOS	NOME	RECURSO	MOTIVO
1	ALONSO RICART	SANTIAGO	DESESTIMADO	a
2	BARROS PÉREZ	ADOLFO	DESESTIMADO	g
3	COVELO CAMESELLE	ALFONSO	DESESTIMADO	g
4	FERNÁNDEZ TEIXEIRA	M ^a DEL CARMEN	DESESTIMADO	g
5	GABRIEL DASILVA	RITA MARÍA	DESESTIMADO	i
6	GONZÁLEZ MONTEIRO	NATALIA	DESESTIMADO	g
7	GUTIÉRREZ LAGE	LUCÍA	DESESTIMADO	g
8	LABORDA PARTIDA	PALOMA	DESESTIMADO	g
9	MARTÍN RÚIZ	JAVIER	DESESTIMADO	j
10	MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	CARLOS	DESESTIMADO	g
11	POSADA MOREIRA	JULIO M	DESESTIMADO	g
12	POSSE GONZÁLEZ	EVA	DESESTIMADO	g
13	RAMILO VILA	REBECA	DESESTIMADO	i
14	REGUEIRO PARCERO	ROCIO	DESESTIMADO	g
15	REY TEIXEIRA (*)	PAULA (*)	DESESTIMADO	g
16	SANTISO DASILVA	MARIELA	DESESTIMADO	a
17	SUÁREZ ROMÁN	VERÓNICA	DESESTIMADO	g
18	TOBIO GONZÁLEZ	M ^a BEGOÑA	DESESTIMADO	g

(*) Presenta Recurso Manuel Ángel Lores Infante

a) A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo á data fin presentación solicitudes

g) Que a capacidade económica da unidade familiar non exceda do 75% do IPREM, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.792,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar ou equivalente ao subsidio básico da RISGA (4.792,56 €/anuais). Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización da hipoteca da vivenda que constitúa o seu domicilio, dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ós 3 meses anteriores á convocatoria

i) Por estar subvencionado o servizo de comedor pola Xunta de Galicia

j) Recurso presentado fora de prazo

Terceiro. Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC , e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Cuarto. Publicar este acordo e os seus anexos na web oficial, no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

5(1457).- DAR CONTA DAS ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NON MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2014. EXPTE. 89458/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/11/14, emitido pola xefa do servizo de Benestar Social, conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“Por medio do presente escrito, a Xefa de servizo de Política de Benestar da conta á Xunta de Goberno Local da relación de persoas dadas de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de decembro 2013, xaneiro e febreiro 2014 que son as seguintes:

SETEMBRO

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
21/2983	SARA BLANCO ALVAREZ	05/09/14
14/958	DOLORES GONZALEZ GIRALDA	09/09/14
13/429	GLORIA GOMEZ ESTEVEZ	11/09/14
23/2311	M. DOLORES PIÑEIRO RODRIGUEZ	12/09/14
15/3320	INOCENCIA LORENZO ANTONIO	12/09/14
23/1311	MARIA VILARO ROMERO	15/09/14
14/210	FILOMENA FERNANDEZ FREIRE	16/09/14
14/3176	ADELA RODRIGUEZ VELOSO	16/09/14
11/734	PERFECTA OGANDO PARDELLAS	17/09/14
22/375	GRACIANO RIVERA MALVAR	18/09/14
03/1283	JOSE SANTIAGO GARCIA	22/09/14
03/500	CONSTANTINA PARAMES FERNANDEZ	22/09/14
14/915	ESTRELLA GONZALEZ VILA	22/09/14
16/1887	REGINA SANCHEZ GONZALEZ	23/09/14
22/2225	CARMEN CONDE FERNANDEZ	23/09/14
06/3123	SEGUNDO DE LA PLAZA TORREJON	25/09/14
06/3021	M. CARMEN LAMAS DOMINGUEZ	25/09/14
03/458	MARINA RODRIGUEZ NOVA	25/09/14
06/3163	AMPARO LOSADA VIZCAYA	30/09/14
06/2905	ALFONSINA DURAN CASTRO	30/09/14

OUTUBRO

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
01/2386	CARMEN LAUDINA FERNANDEZ RIVAS	06/10/14
06/2871	CARMEN IGLESIAS MARTINEZ	06/10/14
16/1398	INES DAS PENAS PENAS	03/10/14
06/2502	MANUELA MEIRIÑO GOMEZ	06/10/14
21/516	MARIA AGRELO SAMPEDRO	06/10/14
12/1331	M. CARMEN RIVEIRO COLLAZO	08/10/14
02/995	EUGENIA FERNANDEZ CARIDE	10/10/14
15/3377	VICTORINO FERNANDEZ GONZALEZ	13/10/14
02/1378	EMERITO GARCIA GRAÑA	10/10/14
14/3226	CLARA M. ANGELES GARRIDO PORTELA	17/10/14
15/3463	ALFONSO SEGOVIA LAGO	14/10/14
14/3207	CRIPRIANO PATIÑO OUJO	14/10/14
03/1313	JOSEFINA PEREZ BARREIRO	24/10/14
14/2203	M.ROSA BRAVO GONZALEZ	21/10/14
12/2007	JOSEFA ABALDE ALONSO	21/10/14
14/3227	RAMON ROMAY POMBO	21/10/14
02/2160	CUSTODIA FERNANDEZ GIL	24/10/14
01/1657	ANGELA ABALDE LEIROS	22/10/14
12/2822	BERNARDO RODRIGUEZ LAGO	24/10/14
21/3192	ESPERANZA MOREIRA RIVEIRO	29/10/14
02/2034	MARGARITA GOMEZ CONDE	27/10/14

6(1458).- RECURSOS DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTRACIÓNS E ALIMENTACIÓN -2014:

A) EXPTE. 98376/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/11/14, asinado polo asesor xurídico adxunto do servizo e pola xefa do mesmo, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Políticas de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/11/14, asinado polo asesor xurídico adxunto do servizo e pola xefa do mesmo, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Políticas de Benestar, que di o seguinte:

“I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á

aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: "Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética" (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificar para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D.^a Yamilet Torres del Toro, sendo a causa concreta da denegación a falta dalgún dos documentos requiridos polas Bases, como así se fixo constar.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 13.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140122597) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que

I.10.

I.11. +-+

I.12. será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. O recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Yamilet Torres del Toro diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC).

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Torres del Toro, que propoñemos **DESESTIMAR** expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resulta que a interesada non achegou en prazo a documentación administrativa que lle foi requirida mediante oficio de data 03.09.2014, notificado o 09.09.2014: certificados de ingresos, positivos ou negativos, da Consellería de Traballo e Benestar e do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e certificación bancaria do arrendador. Esas certificacións resultaban imprescindibles para avaliar os ingresos reais da solicitante, polo que a súa omisión determinou, necesariamente, a desestimación da solicitude e tamén deste recurso, en aplicación do disposto nas Bases terceira (“Renda da unidade de convivencia”), sétima (“Requisitos”) e novena (“Solicitude e Documentación”). Debéronse presentar xunto coa solicitude ou ben no prazo de 10 días conferido naquel oficio de requirimento de subsanación de deficiencias e non, extemporaneamente, co escrito de recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Yamilet Torres del Toro (DNI/NIE/Pasaporte nº X8074850-X) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014» por non achegar en prazo toda a documentación esixida polas Bases.

SEGUNDA: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

T) EXPTE. 99459/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/11/14, asinado polo asesor xurídico adxunto do servizo e pola xefa do mesmo, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Políticas de Benestar, que di o seguinte:

“I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificar para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D.^a Yamilet Torres del Toro, sendo a causa concreta da denegación a falta dalgún dos documentos requiridos polas Bases, como así se fixo constar.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 13.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140122597) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).*
- *EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.*
- *L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- *L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.*
- *L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.*
- *LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).*
- *LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).*
- *RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.*
- *Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).*
- *Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.*

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2.O recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Yamilet Torres del Toro diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC).

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da

obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. *Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Torres del Toro, que propoñemos **DESESTIMAR** expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, resulta que a interesada non achegou en prazo a documentación administrativa que lle foi requirida mediante oficio de data 03.09.2014, notificado o 09.09.2014: certificados de ingresos, positivos ou negativos, da Consellería de Traballo e Benestar e do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e certificación bancaria do arrendador. Esas certificacións resultaban imprescindibles para avaliar os ingresos reais da solicitante, polo que a súa omisión determinou, necesariamente, a desestimación da solicitude e tamén deste recurso, en aplicación do disposto nas Bases terceira ("Renda da unidade de convivencia"), sétima ("Requisitos") e novena ("Solicitude e Documentación"). Debéronse presentar xunto coa solicitude ou ben no prazo de 10 días conferido naquel oficio de requirimento de subsanación de deficiencias e non, extemporaneamente, co escrito de recurso.*

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. Yamilet Torres del Toro (DNI/NIE/Pasaporte nº X8074850-X) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014» por non achegar en prazo toda a documentación esixida polas Bases.

SEGUNDA: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

V) EXPTE. 98604/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/11/14, asinado polo asesor xurídico adxunto do servizo e pola xefa do mesmo, conformado polo xefe de área e pola concelleira-delegada de Políticas de Benestar, que di o seguinte:

"I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS

PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instructor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instructor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificar para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D.^a Isaura Parada Fernández, sendo a causa concreta da denegación a superación do nivel de renda previsto nas Bases (Base sétima), como así se fixo constar.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 22.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140127585) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e pro actione que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (reclamación, revisión...), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D.^a Isaura Parada Fernández diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Parada Fernández, que propoñemos **DESESTIMAR** expresamente toda vez que o Acordo da XGL impugnado resulta axustado ás bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.6. Tal como se consignou naquel Anexo II, a solicitude de D.^a Isaura Parada Fernández foi desestimada por superar os ingresos da súa unidade de convivencia o nivel de rendas establecido nas Bases. En efecto, de acordo coas Bases do Programa (Bases terceira, sétima e ccdtes.), para acceder a estas axudas os ingresos máximos dunha unidade de convivencia como á da recorrente, de dous (2) membros computables, non poderán superar, unha vez deducido, de ser o caso, o gasto de aluguer/hipoteca (250€ máx.: Base sétima, Táboa 1.2), os 300€ (Base sétima, Táboa 1.1), resultando que os acreditados no mes de referencia considerado nas Bases (maio de 2014: Base 9.3.f) ascendían a 1.356,33€ ou 1.183,55€ unha vez deducida xa a cota do préstamo hipotecario (172,78€/mes). Polo exposto, a resolución desestimatoria adoptada a respecto da solicitude da interesada foi correcta e debe ser confirmada nesta instancia.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por D.^a Isaura Parada Fernández (DNI/NIE/Pasaporte nº 36111490-H) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA

GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014» por superar o nivel de rendas máximo establecido nas Bases (Base sétima, Apdo. 5).

SEGUNDA: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1459).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) LAPPSET S.L. EXPTE. 5020/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do , dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., no que se solicita a devolución da fianza de 763,02 euros, constituída para responder da subministración de xogos biosaudables, lote IX, zona de Barreiro, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 763,02 euros, constituída para responder da subministración de xogos biosaudables, lote IX, zona de Barreiro, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) LAPPSET S.L. EXPTE. 5022/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14 , dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 933,26 euros constituída para responder da subministración de lote I de xogos infantís para parque Pedro Alvarado, e vistos os informes do servizo de Montes, Parques e Xardíns e Intervención, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 933,26 euros constituída para responder da subministración de lote I de xogos infantís para parque Pedro Alvarado, toda vez que non foi levada a cabo por non existir crédito orzamentario.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) LAPPSET S.L. EXPTE. 5023/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 474,89 euros, constituída para responder da subministración de lote VII de xogos, elementos complementarios, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 474,89 euros constituída para responder da subministración de lote VII de xogos, elementos complementarios, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

D) LAPPSET S.L. EXPTE. 5024/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 506,83 euros constituída para responder da subministración de xogos biosaudables, lote X, zona Ernesto Lecuona, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 506,83 euros constituída para responder da subministración de xogos biosaudables, lote X, zona Ernesto Lecuona, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) LAPPSET S.L. EXPTE. 5025/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 814,86 euros, constituída para responder da subministración de lote II

de xogos para a Alameda de San Andrés de Comesaña, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 814,86 euros, constituída para responder da subministración de lote II de xogos para a Alameda de San Andrés de Comesaña, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

F) LAPPSET S.L. EXPTE. 5026/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 721,04 euros, constituída para responder de subministración de lote VI de xogos para parque infantil de Freixo, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 721,04 euros, constituída para responder de subministración de lote VI de xogos para parque infantil de Freixo, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

G) LAPPSET S.L. EXPTE. 5027/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., no que se solicita a devolución da fianza de 709,70 euros, constituída para responder da subministración de lote III de xogos para parque infantil de Valadares, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 709,70 euros, constituída para responder da subministración de lote III de xogos para parque infantil de Valadares, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

H) LAPPSET S.L. EXPTE. 5028/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 1.355,94 euros, constituída para responder de subministración de lote IV de xogos para a Alameda de Matamá, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 1.355,94 euros, constituída para responder de subministración de lote IV de xogos para a Alameda de Matamá, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

I) LAPPSET S.L. EXPTE. 5029/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 1.101,95 euros, constituída para responder de subministración de lote VIII de xogos para o parque infantil de Moledo, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 1.101,95 euros, constituída para responder de subministración de lote VIII de xogos para o parque infantil de Moledo, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

K) LAPPSET S.L. EXPTE. 5030/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 949,75 euros, constituída para responder da subministración de lote I de xogos para parque infantil de Santa Baía, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. a fianza de 949,75 euros, constituída para responder da subministración de lote I de xogos para parque infantil de Santa Baía, xa que foi recibida conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

L) SECURITAS S.A. . EXPTE. 981/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A., no que se solicita a devolución da fianza de 19.865 euros, constituída para responder de prestación do servizo de seguridade no VERBUM, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. a fianza de 19.865 euros, constituída para responder de prestación do servizo de seguridade no VERBUM, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

M) SERWISECURITAS S.A. EXPTE. 982/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por SERWISECURITAS, S.A. no que se solicita a devolución das fianzas de 498,13; 759,43; e 21.688,82 euros, constituídas para responder, respectivamente, de servizo de atención ó público no VERBUM, e dependencias culturais, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a SERWISECURITAS, S.A. as fianzas de 498,13; 759,43; e 21.688,82 euros, constituídas para responder, respectivamente, de servizo de atención ó público no VERBUM, e dependencias culturais, xa que os servizos foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-los prazos de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

N) ANLLAR S.L. EXPTE. 5043/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.12.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 1.971,19 euros, constituída para responder das obras de reparación da

semiestrada descendente da rúa Urzáiz, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L. a fianza de 1.971,19 euros, constituída para responder das obras de reparación da semiestrada descendente da rúa Urzáiz, xa que foron recibidas mediante acta de 14 de novembro de 2014 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1460).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “I CARRERA POPULAR FUNDACIÓN CELTA DE VIGO-INVASIÓN CELESTE”, O VINDEIRO 8 DE DECEMBRO. EXPTE. 13523/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.12.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade deportiva Singletrack (CIF:G-36850378) solicitou o día 13-11-2014, a través do Rexistro Municipal (Doc140138751) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: I CARRERA POPULAR FUNDACIÓN CELTA DE VIGO-INVASIÓN CELESTE*
- *Data: 8 de decembro de 2014*
- *Horario: De 11h(infantil) 12.00h (proba absoluta)*

A entidade solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a I Carreira Popular Fundación Celta-Invasión Celeste, que comenará ás 11.00h cunha carreira infantil que se levará a cabo dentro do Estadio de Balaidos , ás 11.30h unha proba infantil de (1km) e logo continuará con unha proba absoluta (6 Km) que comenará ás 12.00h e percorrerá pola rúa Val Miñor, rúa Citróen, rúa dos Olímpicos, Avda.Balaidos, rúa Valmiñor, Alcalde Portanet, Avda.Castrelos, Parque de Castrelos (interior), Alcalde Portanet, rúa Citróen, rotonda de San Andrés de Comesaña, avda. Florida, sendero do Lagares, rúa dos Olímpicos, Avda. Balaidos, rúa Val Miñor e a meta no estadio de Balaidos.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Seguridade.*
- *Policía Local*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refíere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade Singletrack, a organizar o vindeiro domingo 8 de decembro de 2014, o evento deportivo denominado I CARRERA POPULAR FUNDACION CELTA DE VIGO-INVASION CELESTE, a celebrar no estadio de Balaidos e no seu entorno, dita carreira comenará ás 11.00h cunha carreira infantil que se levará a cabo dentro do Estadio de Balaidos para seguir ás 11.30h cunha proba infantil de (1km) e logo continuará con unha proba absoluta (6 Km) que comenará ás 12.00h e percorrerá pola rúa Val Miñor, rúa Citroën, rúa dos Olímpicos, Avda. Balaidos, rúa Valmiñor, Alcalde Portanet, Avda. Castrelos, Parque de Castrelos (interior), Alcalde Portanet, rúa Citroën, rotonda de San Andrés de Comesaña, avda. Florida, sendero do Lagares, rúa dos Olímpicos, Avda. Balaidos, rúa Val Miñor e a meta no estadio de Balaidos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1461).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE, TEMPADA 2013-2014. EXPTE. 13153/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 18.11.14, o informe de fiscalización do 26.11.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.12.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 13153/333 polo cal se propón o desenvolvemento dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Club Atletismo Feminino Celta, polo desenvolvemento do proxecto xeral da entidade na tempada 2013/2014, e tendo en conta a corrección na redacción do texto que no afecta a ningunha cuestión básica da proposta (inclusión da redacción que recolle as determinacións da base 38ª.4 das de execución do Orzamento do Concello, aclaración da discordancia entre os anexos I.3 e I.4), procédese á modificación da mesma:

Atendendo á instrucción de data 29/05/2014 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Club Atletismo Feminino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2013/2014.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Liga Nacional de Primeira División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Primeira División do Atletismo Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2013/2014, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Atletismo Feminino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Atletismo Feminino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o recollido na base 38ª das de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2014, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A vixencia deste convenio é pola actividade desenvolvida pola entidade Club Atletismo Feminino Celta durante a tempada deportiva 2013/2014, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo o día 10 de decembro de 2014.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na

categoría Liga Nacional de Primeira División na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 22.500,00€. a favor da entidade Club Atletismo Feminino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13153/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPTE. 13153/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13153/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División de Atletismo, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Atletismo Feminino Celta desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 22.500,00€, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13153/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Atletismo Feminino Celta o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Feminino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2013/2014.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Feminino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Feminino Celta unha subvención por importe de 22.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.*

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- *A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

Sexto.- *A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.*

Sétimo.- *A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo o día 10 de decembro de 2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos

xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*

- *En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Noveno.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.*

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- *A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo primeiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sigificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aparecación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata o 10 de decembro de 2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez

A Presidenta do Club Atletismo Feminino Celta
Asdo. Paula Mariño Gonda

10(1462).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE, TEMPADA 2013-2014. EXPTE. 13154/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 18.11.14, o informe de fiscalización do 26.11.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.12.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 13154/333 polo cal se propón o desenvolvemento dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Atletismo, polo desenvolvemento do proxecto xeral da entidade na tempada 2013/2014, e tendo en conta a corrección na redacción do texto que no afecta a ningunha cuestión básica da proposta (inclusión da redacción que recolle as determinacións da base 38ª.4 das de execución do Orzamento do Concello, aclaración da discordancia entre os anexos I.3 e I.4), procédese á modificación da mesma:

Atendendo á instrucción de data 13/11/2014 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2013/2014.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Liga Nacional de Clubes de 1ª División. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Nacional de Clubes de 1ª División hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2013/2014, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Real Club Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.." e que "...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Real Club Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o recollido na base 38ª das de execución dos vixentes

orçamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orçamento do Concello de Vigo para o 2014, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2013/2014, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo o día 10 de decembro de 2014.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Liga Nacional de Clubes de 1ª División na tempada deportiva 2013/2014 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 21.500,00€. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13154/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orçamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2013/2014 (EXPTE. 13154/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Alfonso Posada Sánchez como presidente da entidade Real Club Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13154/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de 1ª División de Atletismo desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Real Club Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2013/2014.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etatas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 21.500,00€, a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Real Club Celta de Atletismo na tempada deportiva 2013/2014.

VI.- Que a entidade Real Club Celta de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13154/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Real Club Celta de Atletismo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Real Club Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2013/2014.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Real Club Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Real Club Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Club Celta de Atletismo unha subvención por importe de 21.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadruar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2013/2014.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2013/2014, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo o día 10 de decembro de 2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

***Qitavo.**- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

***Noveno.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2013/2014. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.*

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata o 10 de decembro de 2014, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.

O Alcalde de Vigo.
Asdo. Abel Caballero Álvarez

O Presidente do Real Club Celta de Atletismo
Asdo. Alfonso Posada Sánchez

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1463).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE, TEMPADA 2013/2014. EXPTE. 13087/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 18.11.14, o informe de fiscalización do 27.11.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.11.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

Atendendo á instrucción de data 13/11/2014 remitida polo Concelleiro de Deportes e ó establecido no pacto segundo do clausulado do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e a entidade Traviesas Hockey Club polo desenvolvemento do seu proxecto xeral de actividade deportiva na tempada deportiva 2013/2014, dáse inicio á tramitación da modificación do dito convenio:

1. Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do día 23/05/2014, o "Proxecto de Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Traviesas Hockey Club en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2013/2014" por importe de 20.000,00 €, asinado na Casa do Concello o día 18/07/2014.

Dito convenio establece no seu pacto segundo que "No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014".

Por outra banda, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o 13 de xuño do 2014, aprobou con carácter definitivo o Orzamento xeral do Concello para o ano 2014 (BOP 20/06/2014). Dito orzamento definitivo reflicte, na aplicación orzamentaria 3410.489.00.08, unha subvención con carácter nominativo a favor da entidade Traviesas Hockey Club por importe de 22.000,00€.

Tendo en conta ambas circunstancias, conséntase un diferencial de 2.000,00 €, entre o importe inicialmente tramitado e o determinado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014.

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de propoñer a modificación do expediente de subvención a favor da entidade Traviesas Hockey Club, axustando o diferencial entre o importe da subvención tramitada inicialmente a través do expediente 13087/333, e que ascendeu a 20.000,00€, e o contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo, 22.000,00€.

A lexislación aplicable, para este expediente, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal como establece o pacto segundo do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a entidade Traviesas Hockey Club, atenderase, para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, ó establecido no pacto sétimo do convenio.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a modificación do importe da subvención proposta non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no vixente orzamento do Concello de Vigo, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia do convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Traviesas Hockey Club durante a tempada deportiva 2013/2014, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do convenio asinado con data 18/07/2014 (Expte.13087/333, aprobado en X.G.L. o 23/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade Traviesas Hockey Club en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que "No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014".

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 2.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13087/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade Traviesas Hockey Club co CIF: G-36680239 e enderezo social na rúa Igrexa Roteas, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm.

13087/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1464).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA PARA COLABORAR CO FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA PARA PERSOAS MAIORES A TRAVÉS DO CACHIBOL, ANO 2014. EXPTE. 13506/333.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

13(1465).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA ASIGNACIÓN DE 5 BOLSAS DE PERSOAL EN PRÁCTICAS CONTRATADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DENTRO DO SEU “PLAN PRÁCTICA LABORAL EN CONCELLOS 2014-2015” E APROBACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN. EXPTE. 11442/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.12.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Deputación de Pontevedra, ten previsto por en marcha o “PLAN DE PRÁCTICA LABORAL NOS CONCELLOS” para o ano 2015, dirixido a titulados universitarios e de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito da súa formación, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ó mercado de traballo.

Na convocatoria, “A Deputación asume o financiamento do Plan, a distribución e a asignación das bolsas entre os concellos solicitantes, a selección dos bolseiros, a adxudicación das bolsas, o pagamento da axuda ou subvención correspondente ós bolseiros e, así mesmo, a cotización á Seguridade Social”.

Pola súa parte, os concellos participantes deberán comprometerse a facilitar a realización da práctica laboral no seu centro de traballo e desenvolver un proxecto ou programa formativo que lles permita ós bolseiros exercer competencias e colaborar no desenvolvemento de actividades profesionais que poidan facilitar a súa empregabilidade.

Conforme a escala establecida no plan establecido pola Deputación de Pontevedra ao Concello de Vigo, lle corresponden 5 bolseiros.

Os concellos interesados deberían ter presentado a súa solicitude no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra antes do día 20 de novembro de 2014, conforme ao modelo que se achega ao presente informe.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, debido a premura de tempo na presentación conforme da solicitude, así como da necesaria documentación que se establece na convocatoria, como é un "Proxecto de práctica laboral para desenvolver, especificando o perfil dos bolseiros (titulados universitarios ou dos ciclos superiores de formación profesional), o contido das tarefas que ha de realizar cada un dos bolseiros solicitados, centro de traballo, departamento, equipo de traballo, horario, sistemas de titorías da formación práctica e criterios de avaliación para comprobar os resultados da aprendizaxe e a adquisición de competencias profesionais", ten elaborado en colaboración coa área de Industria, Turismo, Cultura e Festas a memoria que se achega e foi presentada, na que se solicitaba:

- *Bolseiros para o arquivo da Biblioteca Penzol*
 - *2 Titulados/as universitarios/as*
 - *PERFIL: Diplomatura e/ou licenciatura universitarias na área de Humanidades.*
 - *ÁREA DE COÑECEMENTO: Arquivística e documentación*
 - *ACTIVIDADES A DESENVOLVER:*
 - *Tratamento documental dos fondos do Arquivo da Fundación Penzol. Comprenderá fases de identificación e descrición e as operacións de clasificación e ordenación.*
 - *A descrición será realizada segundo a Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA), baixo a aplicación informática Archivo 3000.*
- *Bolseiros para o Biblioteca "Juan Compañel".*
 - *1 Titulado/a universitario/a*
 - *PERFIL: Licenciatura en Documentación ou Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.*
 - *ÁREA DE COÑECEMENTO: Biblioteconomía e documentación.*
 - *ACTIVIDADES A DESENVOLVER:*
 - *Descrición normalizada dos fondos bibliográficos e documentais habituais nunha biblioteca pública.*
 - *Formación nos labores de difusión da actividade da biblioteca nas distintas plataformas de comunicación social: web, Facebook, twitter, pinterest, etc.*
 - *Realización de actividades de difusión cultural da biblioteca: actividades de animación á lectura, visitas guiadas, realización de exposicións e centros de interese, coordinación de clubs de lectura, alfabetización informacional, etc.*
 - *Formación no tratamento e atención aos usuarios nos distintos servizos de préstamo do centro.*
- *Bolseiros para o Desenvolvemento Local e Emprego:*
 - *1 Titulados/as universitarios/as*
 - *PERFIL: Diplomatura universitaria ou Grao na área de Ciencias Xurídicas e do Traballo.*
 - *ÁREA DE COÑECEMENTO: Relacións Laborais e Recursos Humanos.*
 - *ACTIVIDADES A DESENVOLVER:*
 - *Elaborar manual de procedementos que conteña:*
 - *Descrición das actividades e das funcións de cada unidade administrativa.*
 - *Relación de postos de traballo, coa guía de funcións de cada un deles.*
 - *Auditorias cara a avaliación, o control interno e calidade do traballo desenvolvido.*
 - *Tratamento manual e automatizado de datos, asignación de niveis de confidencialidade.*
 - *Control de calidade:*

- Carta de servizos, como ferramenta para mellorar o modelo de xestión de desenvolvemento local e emprego, cara cumprir uns niveis de calidade óptimos.
- Participación Cidadá e Voluntariado:
 - 1 Titulados/as universitarios/as
 - PERFIL: Diplomatura universitaria na área de Ciencias Sociais e Xurídicas .
 - ÁREA DE COÑECEMENTO: Xestión e Administración Pública.
 - ACTIVIDADES A DESENVOLVER:
 - Elaborar manuais de procedemento para os seguintes casos:
 - Rexistro Municipal de Asociacións.
 - Rexistro de parellas de feito.
 - Base de datos de voluntariado.
 - Atención presencial e telefónica.
 - Auditorias cara a avaliación, o control interno e calidade do traballo desenvolvido.
 - Tratamento manual e automatizado de datos, asignación de niveis de confidencialidade.
 - Control de calidade:
 - Actualización da Carta de servizos actual.
 - Desenvolvemento de enquisas de calidade.
 - Regulamento das Oficinas Municipais de Distrito.
 - Seguimento e control de actividades.ç
 - Fomento do voluntariado mediante:
 - Redes sociais.
 - Rede de voluntariado.

Con data 01/12/2014 a Deputación de Pontevedra, na súa páxina web publicouse a relación provisional dos concellos admitidos e dos excluídos nesta convocatoria, indicando, en cada caso, os motivos da exclusión. Os solicitantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da mencionada lista, para emendar os motivos de exclusión.

Na relación provisional publicada ao Concello de Vigo, se lle asignan 5 bolsas, coas seguintes titulacións:

Vigo	5	1	DIPLOMATURA/GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA
		3	DIPLOMATURA EN BIBLIOTECONOMÍA E DOCUMENTACIÓN/GRAO EN INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN
		1	DIPLOMATURA/GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS/RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Polo anteriormente exposto PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción dos seguintes acordos:

- *Aceptar a asignación de 5 bolsas de persoal en prácticas contratado pola Deputación de Pontevedra, dentro do seu "Plan práctica laboral en concellos 2014-2015", conforme a publicación realizada na súa web institucional.*
- *Aprobar o plan de formación e as actividades a desenvolver establecidas na Memoria que se achega na Anexo I, para o desenvolvemento das prácticas nos seguintes departamentos municipais:*
 - ◆ *Biblioteca Penzol*
 - *2 Titulados/as universitarios/as*
 - *Diplomatura e/ou licenciatura universitarias na área de Humanidades.*
 - ◆ *Biblioteca "Juan Compañel".*
 - *1 Titulado/a universitario/a*
 - *Licenciatura en Documentación ou Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.*
 - ◆ *Desenvolvemento Local e Emprego:*
 - *1 Titulados/as universitarios/as*
 - *Diplomatura universitaria ou Grao na área de Ciencias Xurídicas e do Traballo.*
 - ◆ *Participación Cidadá e Voluntariado:*
 - *1 Titulados/as universitarios/as*
 - *Diplomatura universitaria na área de Ciencias Sociais e Xurídicas.*
- *Encomendar ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a xestión e control do cumprimento das tarefas relacionadas na solicitude.*
- *Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e xestión das bolsas de prácticas ante a Deputación de Pontevedra.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

MEMORIA SOLICITUDE DE TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS AO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL NOS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O Concello de Vigo, na súa estrutura administrativa, conta entre outros cos servizos de Desenvolvemento local e emprego, Participación Cidadá e Cultura, que a súa vez teñen delegadas as seguintes competencias:

Servizo de Cultura:

Exerce-las competencias municipais en relación coa dirección, de acordo coas normas específicas que regulan cada un deles, dos equipamentos culturais do Concello, como Casa das Artes, Sala dos Peiraos, Biblioteca Central, Casa Galega da Cultura e Verbum-Casa das Palabras. Centraliza-lo rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación, así como conservar un exemplar de cada unha das obras publicadas nas bibliotecas municipais.

O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas.

O fomento da creación literaria e a promoción do hábito da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.

O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e culturais.

A promoción, difusión e extensión da cultura en calquera das súas manifestacións.

Canalizar a difusión cultural do Concello centralizando a información dispoñible sobre programas, servizos, equipamentos etc., mesmo en fase de proxecto ou preparación, coordinando as diversas unidades administrativas que aborden a oferta cultural.

A Casa Galega da Cultura do Concello de Vigo alberga dúas institucións de especial interese no eido cultural. Estas dúas institucións xurdiron dos xenerosos actos realizados, en distintos momentos, por dúas persoas, Fermín Fernández Penzol e Francisco Fernández del Riego. Gracias a eles existen hoxe a Biblioteca da Fundación Penzol e a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego.

BIBLIOTECA-ARQUIVO DA FUNDACIÓN PENZOL

A Biblioteca da Fundación Penzol naceu coa creación desta en 1963. Deste xeito Fermín Penzol puxo ao servizo da investigación todo o material bibliográfico e documental referente a Galicia que foi recopilando ao longo da súa vida.

A riqueza bibliográfica desta biblioteca irá collendo sona e acabará converténdoa en lugar de referencia imprescindible para o mundo investigador galego.

O 30 de novembro de 1984 o Pleno da corporación municipal ante o sinalado interese público que para Galicia enteira representa esta biblioteca, acorda concertar un convenio coa Fundación Penzol, que será levado a escritura pública o 26 de marzo de 1985.

Por medio deste convenio os fondos bibliográfico-documentais establécense na Casa da Cultura (hoxe Casa Galega da Cultura) de Vigo.

As características dos fondos existentes fan que esta biblioteca adquira a condición de biblioteca especializada na cultura galega na súa acepción máis ampla. Constitúe xunto coa biblioteca da Real Acedemia Galega, a colección bibliográfica máis importante no referente a temas galegos. É de acceso libre e está catalogada pola Xunta de Galicia como "Biblioteca de especial interese para Galicia".

Ademáis das obras relacionadas con Galicia, atópase bibliografía significativa referida á área coñecida como Galicia histórica. Complementábase con interesantes fondos luso-brasileiros e producións dos centros galegos en América e das outras nacionalidades históricas do país.

Á rica colección bibliográfica formada, na actualidade, por uns 44.000 títulos de libros e folletos e uns 2.520 títulos de publicacións seriadas, hai que engadir uns valiosos fondos especiais, como a colección de cartografía histórica, e arquivísticos.

Os fondos de arquivo están integrados por documentos soltos ou formando lotes que saían á venda. Tamén por doazóns ou legados de persoeiros ligados ao sentir galaico. Todos de procedencias diversas, aínda que referentes a Galicia.

O volume aproximado é de 804 unidades de instalación, datados dende 1135 ata a actualidade. A procedencia é sobre todo, pública, eclesiástica e privada. Entre os fondos destacan estes:

Os fondos públicos: sobresaen os notariais e os xudiciais, da Real Audiencia de Galicia, da súa sucesora e de varios xulgados. Hai un privilexio real de Felipe II á vila de Lourenzá.

Os fondos eclesiásticos: de carácter diverso, os máis homoxéneos son os do Colegio Mayor Santiago Alfeo e os das Escuelas de Cristo (San Felipe Neri).

Os arquivos privados: de familias notables e unipersoais. Son o núcleo máis importante e voluminoso. Salientan, entre os familiares, os de Arias Teixeira e os do Marquesado de Villagarcía, datados dende o século XIV ao XX.

Os arquivos unipersoais de protagonistas da vida pública e cultural galega, de finais do XIX e primeira metade do XX, suman 459 unidades de instalación. Dende López Ferreiro, Tettamancy, Fernández Gil y Casal, Basilio Álvarez e outros ata persoeiros da Xeración Nós e da chamada Xeración Galaxia. De membros das Irmandades da Fala, están presentes materiais de Eladio Rodríguez González, Ramón Villar Ponte e Xoán Vicente Viqueira.

O programa de cooperación realizarase baixo a dirección da técnico superior de bibliotecas da Casa Galega da Cultura, axustándose ás pautas e directrices metodolóxicas que se proporcionarán ao persoal traballador. Dentro do horario laboral da mesma, co seu equipo informático, programas de xestión e demais recursos materiais necesarios para levar adiante os traballos.

Este programa pode abarcar por un lado a colaboración na instalación, organización e ordenación de fondos arquivísticos, co obxectivo de ir acadando un eficaz sistema de acceso a unhas das máis valiosas fontes de información existentes en Galicia e achegarnos a unha mellor difusión e recuperación dun material científico de primeira orde, co conseguinte beneficio para a calidade da oferta dos servizos prestados aos usuarios.

Persoal necesario no arquivo da Biblioteca Penzol

- *2 Titulados/as universitarios/as*
- *PERFIL: Diplomatura e/ou licenciatura universitarias na área de Humanidades.*
- *ÁREA DE COÑECEMENTO: Arquivística e documentación*
- *ACTIVIDADES A DESENVOLVER:*
 - *Tratamento documental dos fondos do Arquivo da Fundación Penzol. Comprenderá fases de identificación e descrición e as operacións de clasificación e ordenación.*
 - *A descrición será realizada segundo a Norma Galega de Descrición Arquivística (NO-GADA), baixo a aplicación informática Archivo 3000.*
- *Titorización:*
 - *Jesús López Moure. Xefe servizo de Xestión e Promoción Cultural*
 - *M^a Ángeles Vidal Fraile. Técnico superior de bibliotecas*

FORMACIÓN DOS TRABALLADORES

Os traballadores contarán coa formación axeitada a cada colaboración, mediante:

- 3) A exposición de obxectivos do traballo concreto a realizar.*
- 4) A adquisición de técnicas de traballo.*
- 5) A formación nas especificacións e pautas concretas sobre o tratamento documental.*
- 6) A formación na utilización das base de datos e das aplicacións informáticas.*

AVALIACIÓN

A dirección responsable do programa supervisará e avaliará periodicamente a marcha e resultados do programa, de xeito que se adecúen aos obxectivos operativos e de formación do mesmo. No prazo de dous meses dende a data final da obra, achegará unha memoria das actividades realizadas, práctica laboral adquirida e formación recibida polo persoal traballador.

LOCALIZACIÓN E HORARIO DE TRABALLO

Desenvolverase na Casa Galega da Cultura, Praza da Princesa, nº 2, de Vigo. En horario a convivir, entre as 8,00 e 20,30 horas, de luns a venres (do 15 de xuño ao 15 de setembro entre as 8:00 e 14:00 horas).

BIBLIOTECA “JUAN COMPAÑEL”.

A Biblioteca Pública “Juan Compañel” de Vigo, creada en 1942, depende administrativamente do Concello de Vigo e tamén da Xunta de Galicia dende o ano 1996, no que é nomeada Biblioteca nodal galega, co obxecto de ser depositaria da produción bibliográfica impresa na cidade de Vigo.

Deste modo cumpre dúas misións fundamentais:

- ser biblioteca pública nodal, e como tal receptora e custodia da produción bibliográfica depositada na cidade de Vigo.*
- ser biblioteca pública municipal.*

CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA

A biblioteca pública de Vigo é unha institución cultural creada no ano 1942 como Biblioteca Popular. A súa ubicación orixinal atopábase na Praza de Compostela e máis tarde na rúa Romil. No ano 1995 ubícase nun edificio de fins do século XIX situado no casco vello de Vigo, obra do arquitecto vallisoletano Jenaro de La Fuente Domínguez.

A biblioteca conta con 3000 m², dispostos en 6 prantas. Os servizos distribúense da seguinte forma:

- no soto atópanse os depósitos*
- no semisoto a sala infantil e xuvenil e unha pequena sala de conferencias*
- na pranta baixa atópase a sala de préstamo, a sala de conferencias e o mostrador de información*
- na primeira pranta sitúanse a sala de lectura e a hemeroteca*
- na segunda pranta atopamos unha zoa de audicións colectivas e a sala de audiovisuais. Neste momento a totalidade da pranta atópase cedida a dúas entidades culturais polo concello.*
- A terceira pranta está adicada ó traballo técnico e administrativo.*

Presta os seguintes servizos:

- Información xeral, bibliográfica e referencia.*
- Consulta de documentos.*
- Préstamo de adultos, cós documentos en acceso directo e préstamo intrabibliotecario coas bibliotecas de Galicia.*
- Préstamo infantil e xuvenil, consulta, colección de revistas infantís e unha bebeteca para os máis pequenos.*

- *Préstamo de portátiles.*
- *Consulta de internet.*
- *GaliciaLe, a plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas públicas galegas.*
- *Hemeroteca e xornais*
- *Préstamo interbibliotecario*
- *Extensión bibliotecaria de adultos (proxeccións de cinema, clubs de lectura, formación de usuarios, visitas guiadas)*
- *Extensión bibliotecaria infantil e xuvenil (contacontos, clube de lectura xuvenil, visitas escolares)*
- *Reserva de salas.*

Colección:

O fondo da biblioteca está constituído por uns 142.000 volumes. Esta grande cantidade de documentos, non atopan unha ubicación adecuada ata o traslado da biblioteca no ano 1995 á súa ubicación actual.

Este fondo, en permanente actualización para cumprir unha das funcións das bibliotecas públicas, ten o seu maior valor e as súas especiais características nas obras custodiadas na biblioteca por causa do depósito legal e as obras anteriores ó ano 1958, de moito valor para o noso patrimonio cultural.

Como biblioteca pública o seu maior valor é o de prestar unha serie de servicios bibliotecarios moi necesarios na cidade de Vigo. É un centro de información dinámico que da servicio a todo tipo de persoas, sen facer ningún tipo de diferenciación nen discriminación. Nel atopan os cidadáns dende as ultimas novidades literarias a testimonios da memoria histórica da cidade.

Persoal necesario na Biblioteca “Juan Compañel”.

- *1 Titulado/a universitario/a*
- *PERFIL: Licenciatura en Documentación ou Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación.*
- *ÁREA DE COÑECEMENTO: Biblioteconomía e documentación.*
- *ACTIVIDADES A DESENVOLVER:*
 - *Descrición normalizada dos fondos bibliográficos e documentais habituais nunha biblioteca pública.*
 - *Formación nos labores de difusión da actividade da biblioteca nas distintas plataformas de comunicación social: web, Facebook, twitter, pinterest, etc.*
 - *Realización de actividades de difusión cultural da biblioteca: actividades de animación á lectura, visitas guiadas, realización de exposicións e centros de interese, coordinación de clubs de lectura, alfabetización informacional, etc.*
 - *Formación no tratamento e atención aos usuarios nos distintos servizos de préstamo do centro.*
- *Titorización:*
 - *Inmaculada C. Serrano Plaza.. Directora da biblioteca Pública “Juan Compañel”..*

FORMACIÓN A PERSOA TRABALLADORA

A persoa traballadora contará coa formación axeitada a cada colaboración, mediante:

- *A exposición de obxectivos do traballo concreto a realizar.*
- *A adquisición de técnicas de traballo.*
- *A formación nas especificacións e pautas concretas sobre o tratamento documental.*

- *A formación na utilización das base de datos e das aplicacións informáticas.*

AVALIACIÓN

A dirección responsable do programa supervisará e avaliará periodicamente a marcha e resultados do programa, de xeito que se adecúen aos obxectivos operativos e de formación do mesmo. No prazo de dous meses dende a data final da obra, achegará unha memoria das actividades realizadas, práctica laboral adquirida e formación recibida polo persoal traballador.

LOCALIZACIÓN E HORARIO DE TRABALLO

Desenvolverase na Biblioteca Pública "Juan Compañel", rúa Joaquín Yañez. 6 de Vigo. En horario a convir, entre as 8,00 e 20,30 horas, de luns a venres (do 15 de xuño ao 15 de setembro entre as 8:00 e 14:30 horas).

Desenvolvemento Local e Emprego.

O deseño e dirección das políticas de promoción económica local e das políticas activas de emprego a desenvolver polo Concello de Vigo, así como daquelas outras tendentes á posta en valor dos recursos endóxeos e ó desenvolvemento económico local, especialmente dos tendentes á mellora da ocupabilidade dos desempregados (orientación, formación e inserción laboral), á adquisición de experiencia laboral e o apoio ás iniciativas empresariais e de autoemprego do ámbito local.

A elaboración, coordinación e execución de proxectos en colaboración con outras administración, a Unión Europea relacionados coa formación, orientación e a inserción laboral.

A temporalidade das contratacións de persoal relacionada con proxectos de duración determinada, precisa da realización de tarefas de formación, coordinación e seguimento que impiden unha resposta inmediata e de calidade, para a mellora da funcionalidade do servizo e manter unha metodoloxía estruturada de traballo é preciso a realización de diversos traballos relacionados coa calidade na xestión, xa que permite coñecer o funcionamento interno polo que respecta a descrición de tarefas, situación, requirimentos e aos postos responsables da súa execución, colaboran na formación e coñecemento mellorando a capacitación do persoal.

Permite coñecer o funcionamento interno polo que respecta a descrición de tarefas, situación, requirimentos e aos postos responsables da súa execución.

Auxilian na indución do posto e ao adestramento e capacitación do persoal, permite o análise e dos procedementos, cara a creación, revisión e simplificación de traballo, uniforma e controla o cumprimento das rutinas de traballo e evita a súa alteración de xeito arbitrario e, constrúe unha base para a análise posterior do traballo e o melloramento dos sistemas, procedementos e métodos, para elo se precisan:

Persoal necesario servizo de Desenvolvemento Local e Emprego:

- *1 Titulados/as universitarios/as*
 - *PERFIL: Diplomatura universitaria ou Grao na área de Ciencias Xurídicas e do Traballo.*
 - *ÁREA DE COÑECEMENTO: Relacións Laborais e Recursos Humanos.*
 - *ACTIVIDADES A DESENVOLVER:*
 - *Elaborar manual de procedementos que conteña:*
 - ◆ *Descrición das actividades e das funcións de cada unidade administrativa.*
 - ◆ *Relación de postos de traballo, coa guía de funcións de cada un deles.*

- ◆ Auditorias cara a avaliación, o control interno e calidade do traballo desenvolvido.
- ◆ Tratamento manual e automatizado de datos, asignación de niveis de confidencialidade.
- ◆ Control de calidade:
 - 15. Carta de servizos, como ferramenta para mellorar o modelo de xestión de desenvolvemento local e emprego, cara cumprir uns niveis de calidade óptimos.
- Titorización:
 - Francisco J. Gutierrez Orúe. Xefe servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
 - Ana María Mouriz. Coordinadora Plan Municipal de Emprego.

Participación Cidadá e Voluntariado.

Dirixir e impulsar a política municipal referida ó Asociacionismo e a Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal proboñendo, a estes efectos, o Concello-Pleno a aprobación dun novo Regulamento Orgánico. Tramitar, resolve-las solicitudes de inserción no Rexistro Municipal de Asociacións, así como xestionar ata a súa resolución calquera incidencia ou modificación de datos que deba facerse constar no mesmo.

Coordinar e xestionar a base de datos de información xerada pola Administración Municipal, así como toda aquela de interese para o cidadán.

Dirixir e organiza-los distintos servizos de información a nivel presencial ou telefónico a través do teléfono 010 e do control telefónico e de Internet por medio da páxina web da Concellería.

Coordina-la desconcentración dos servizos de atención municipal co fin de facela máis próxima, comprensible e accesible ós cidadáns.

Crear, manter e difundir-la guía cidadá.

Centralizar, supervisar, distribuir e realizar un seguimento das queixas e suxestións xeradas nos distintos niveis.

Xestiona-la páxina web da Concellería nos módulos de información de asociacións, cidadáns, voluntariado e emigración.

Promove-la formación cidadá en novas tecnoloxías e fundamentalmente en Internet nos Centros Cívicos de Coruxo, Teis, Casco Vello, Saians e calquera outro que se poña en funcionamento así como en colaboración coas asociacións cívicas.

Para a mellora da funcionalidade do servizo e manter unha metodoloxía estruturada de traballo é preciso a realización de diversos traballos relacionados coa calidade na xestión e nos procesos de informatización da documentación, mediante a análise dos procesos e as propostas de melloramento dos sistemas, procedementos e métodos, para elo se precisan:

Persoal necesario para Participación Cidadá e Voluntariado:

- 1 Titulados/as universitarios/as
- PERFIL: Diplomatura universitaria na área de Ciencias Sociais e Xurídicas .
- ÁREA DE COÑECEMENTO: Xestión e Administración Pública.
- ACTIVIDADES A DESENVOLVER:

- *Elaborar manuais de procedemento para os seguintes casos:*
 - ◆ *Rexistro Municipal de Asociacións.*
 - ◆ *Rexistro de parellas de feito.*
 - ◆ *Base de datos de voluntariado.*
 - ◆ *Atención presencial e telefónica.*
 - ◆ *Auditorias cara a avaliación, o control interno e calidade do traballo desenvolvido.*
 - ◆ *Tratamento manual e automatizado de datos, asignación de niveis de confidencialidade.*
- *Control de calidade:*
 - ◆ *Actualización da Carta de servizos actual.*
 - ◆ *Desenvolvemento de enquisas de calidade.*
 - ◆ *Regulamento das Oficinas Municipais de Distrito.*
 - ◆ *Seguimento e control de actividades.*
 - ◆ *Fomento do voluntariado mediante:*
 - *Redes sociais.*
 - *Rede de voluntariado.*

14(1466).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIA PRESUPOSTADA PRESENTADA POR “APARCAMIENTOS IC GÓMEZ ULLA, S.L., PARA A REPARACIÓN DA PRAZA PÚBLICA SITA SOBRE O APARCADOIRO DA RÚA CORUÑA. EXPTE. 1341/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 25.11.14, conformado polo concelleiro delegado, que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro de 2012 adoptou entre outros o seguinte Acordo:

PRIMEIRO.- Ordenar á concesionaria APARCADOIROS IC GOMEZ ULLA, S.L. que proceda URXENTEMENTE á adopción das medidas de seguridade e mantemento da edificación que figuran no informe técnico de data 26 de marzo de 2012 e para as que non sexa necesario proxecto técnico (valado dos accesos á praza).

Así mesmo, para a execución das obras de mantemento e conservación contidas no informe técnico que necesiten de proxecto técnico previo deberá presentalo neste Concello no prazo dun MES, suscrito por facultativo competente.

SEGUNDO.- Advírtese ao concesionario que no caso de non executar urxentemente as medidas de seguridade e de mantemento da edificación que non precisan de proxecto técnico, así como de non presentar o proxecto técnico previo á execución das obras de mantemento que o precisen no prazo que se lle concede ao efecto, serán realizadas polo Concello á súa costa, de conformidade co previsto no artigo 93 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Ademais infórmase de que o incumprimento do presente requirimento poderá dar lugar á imposición das penalidades previstas na normativa de contratación e no propio contrato; e de que calquera dano que se produza será a súa responsabilidade de conformidade coa normativa de contratación aplicable (artigo 72 LCE), o Decreto de 17 de xuño de 1955 polo

que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954 e os pregos que o rexen.

-Contra o devandito Acordo interpuxéronse os seguintes recursos contencioso-administrativos pola empresa concesionaria APARCADOIROS IC GOMEZ ULLA, S.L.
--recurso contencioso administrativo procedemento ordinario 84/2013
--recurso contencioso administrativo procedemento abreviado 85/2013
devanditos recursos foron acumulados estando e están pendentes de resolución .

-En data 22 de outubro de 2014 foi presentado escrito no Rexistro Xeral pola empresa Aparcadoiros IC Gomez Ulla S.I. polo cal manifesta :

a)Estar dispostos a asumir e acometer as obras de reparación da praza situada sobre o aparcadoiro da rúa Coruña, comprometéndose a concesionaria a utilizar os mais adecuados materiais para un mellor e mais fácil mantemento da praza : achegando anteproxecto básico de execución e orzamento orientativo. Finalizadas as obras será o Concello o que se encargue do mantemento da súa superficie.

b)Co fin de habilitar a praza a un bo uso e servizo dos cidadáns e tendo en conta que non existe limitación urbanística autorícese ou se permita sen alteración económica dos termos da concesión , acondicionar os anejos inherentes á devandita superficie e de acceso directo á praza, dándolles un destino compatible coas ordenanzas municipais e demais lexislación técnica e urbanística vixente .

c) Solicitan que se de traslado aos servizos xurídicos, aos efectos de solicitar unha suspensión do procedemento xudicial en tanto se resolve a presente solicitude .

-A memoria presentada foi remitida á Xerencia de Urbanismo para informe sobre a súa adecuación aos traballos de mantemento e reparación ordenados no Acordo de Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro de 2012, informando os arquitectos municipais da oficina de obras e proxectos municipais que en termos xerais, os traballos referidos correspóndense coas actuacións sinaladas como necesarias no informe nº 4 emitido en data 10 de febreiro de 2014 e contan cun orzamento de execución por contrata de 122.480,86.

-En relación pois co contido do escrito presentado pola empresa concesionaria infórmase o seguinte :

Á vista dos informes obrantes no expediente pode considerarse que a memoria presentada dá cumprimento ao contido da orde de execución aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2012.

En canto ao mantemento futuro da praza por parte do Concello , non pode ser aceptado posto que de conformidade co disposto no Prego de Bases de Condicións Xurídicas, Técnicas e Económicas que rexe a concesión -aprobado polo Pleno de 30 de novembro de 1987 e modificado por acordos plenarios de 20 de xaneiro de 1988 e 30 de xuño de 1988 (transcríbese no apartado XVII do EXPOÑEN da escritura da concesión de 28 de setembro de 1989)-, no seu artigo segundo establece que a concesión comprenderá: (...) e a explotación dos espazos públicos correspondentes derivados das obras a realizar.

Ademais, no seu artigo cuarto, contempla que "(...) 2. Ao termo da concesión -cunha duración prevista de 50 anos e só nese momento- a totalidade das obras e instalacións -non se exclúe por tanto ningunha das executadas segundo o proxecto redactado e aprobado ao efecto- reverterán

ao Concello de Vigo en bo estado de conservación. En consonancia co artigo trixésimo oitavo, relativo á inspección da explotación, que sinala que:

1. O Concello de Vigo, a través dos seus Servizos Técnicos inspeccionará a explotación e conservación do estacionamento, atendendo de modo especial, no último período da concesión, o aspecto de conservación das obras e instalacións (...).

2. A estes efectos e para a boa marcha do servizo prestado, a Corporación Municipal se reserva expresamente o exercicio das facultades que lle concede o artigo 127 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

-En relación ao contido do apartado segundo da solicitude “ acondicionamento dos anejos inherentes á devandita superficie e de acceso directo á praza “ non existe ningún inconveniente a condición de que o acondicionamento e o uso non contradigan o contido do contrato e obteñan a preceptiva licenza de ocupación de conformidade co disposto na normativa urbanística .

Doutra banda :

- En data 12 de novembro de 2014 foi emitido informe polo arquitecto técnico da oficina de conservación da Xerencia de urbanismo en relación cunha queixa da Axencia Estatal de Administración Tributaria polo mal estado dun muro de contención pertencente ao parking da rúa Coruña manifestando que deberá procederse por parte da propiedade e baixo a dirección dun técnico competente, á execución das seguintes obras :

Medidas de seguridade urxentes :

Adopción urxente das medidas de seguridade que a xuízo do técnico director resulten mais convenientes para :

-Evitar a caída de elementos do edificio á via pública , a patios interiores e / ou predios e edificacións lindadeiras : colocación de valos ou bandexas de protección , desmonte ou retirada dos elementos que presenten risco inminente de caída , instalación de estadas derrubo e protección de parapetos con risco de caída .

-Evitar o acceso de persoas e vehículos ás inmediacións do muro de contención, mediante o valado e sinalización da zona .

Do devandito informe deuse traslado á empresa titular da concesión en data 19 de novembro de 2014 para a adopción das medidas urxentes para evitar danos a persoas e bens , así como á AEAT como titular dun aparcadoiro situado na parte inferior do muro .

Así mesmo foi solicitado novo informe á oficina de proxectos e obras municipais para determinar se as obras previstas na memoria presentada contemplan as referidas ao muro lindante coa Delegación de AEAT en Vigo , elemento sobre o que se sinalaron a necesidade de execución de medidas urxentes relativas á súa seguridade e estabilidade , informando en data 21 de novembro de 2014 o seguinte :

“ unha vez analizado o apartado de medicións da memoria citada , compróbase que no mesmo non se recollen actuacións de demolición sobre o muro , polo que resulta necesario realizar unha memoria específica relativa a estes traballos , de face a iniciar de maneira urxente e inmediata a execución dos mesmos “

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, órgano competente de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de

novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Publico , a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria orzamentada para a reparación da praza publica situada sobre o aparcadoiro da rúa Coruña presentada pola empresa concesionaria do aparcadoiro, Aparcadoiros IC Gomez Ulla S L en data 22 de outubro de 2014 redactada polo arquitecto técnico D. Pablo Garrido Orge cun orzamento de execución de 122.480,86 que foi informada favorablemente en data 30 de outubro de 2014 polos arquitectos municipais da oficina de obras e proxectos municipais .

As obras deberán iniciarse no prazo de 15 días contados a partir da notificación do Acordo e estar finalizadas no prazo de dous meses desde a súa iniciación .

SEGUNDO.-Desestimar a solicitude formulada pola concesionaria en escrito de data 22 de outubro de 2014 no relativo ao traslado da obrigaón de conservación da praza a este Concello xa que tal e como se justifico no informe que antecede correspóndelle á concesionaria até a finalización do contrato.

TERCEIRO.-Informar á empresa Aparcadoiros IC Gomez Ulla S L en relación co acondicionamento dos anejos inherentes á devandita superficie e de acceso directo á praza que non existe ningún inconveniente a condición de que o acondicionamento e o uso non contradigan o contido do contrato e obteñan a preceptiva licenza de ocupación de conformidade co disposto na normativa urbanística .

CUARTO.- Requiritr á concesionaria Aparcadoiros IC Gomez Ulla S L para que procedan de forma urxente á reparación do muro lindante coa Delegación de AEAT previa presentación no Concello dunha memoria específica relativa aos traballos a realizar nun prazo máximo de 15 días. Namentres deberán adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade de persoas e bens ."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1467).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2015. EXPTE. 10618/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 2.12.14, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

1.- A concelleira delegada de Medio Ambiente e Xuventude, en data do 30 de outubro de 2014, iniciou expediente administrativo para a aprobación do plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do termo municipal de Vigo para a tempada estival do ano 2015, e para o outorgamento das autorizacións de instalación e explotación a terceiros a través do procedemento legalmente previsto (respectando os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva).

2.- A pedimento e coas indicacións do Servizo de Medio Ambiente respecto de anos anteriores, os arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo elaboraron documentación técnica para estas instalacións:

- Condicións urbanísticas dos emplacementsos propostos.
- Memoria descritiva das instalacións.
- Certificación de distancias entre quioscos.
- Fotografías emplacementsos.
- Planos de emplacementso dos quioscos con zonificación PXOM.
- Planos de emplacementso dos quioscos no que se representa a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre.

3.- O arquitecto municipal do servizo de Patrimonio: Inventario, en data do 31 de outubro de 2014, informou sobre a titularidade dos terreos onde se emprazan os quioscos.

4.- O Inspector municipal de Medio Ambiente emitiu informe sobre a retirada dos quioscos na tempada estival de 2014.

5.- O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Servizo de Costas en Pontevedra, remite escrito de data 28/11/2014 sobre "avance dos aspectos máis destacados da tramitación dos servizos de tempada en praias, con motivo da nova normativa en materia de costas".

II.- Fundamentos de dereito:

O artigo 115.c) da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas sinala entre as competencias municipais "explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de réxime local".

O artigo 113 do Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral de costas, establece que:

- As autorizacións cuxo obxecto sexa a explotación de servizos de tempada nas praias que sólo requiran instalacións desmontables, serán outorgadas polos concellos que o soliciten, na forma que se determina nos apartados seguintes.
- Haberá que solicitalas dirixíndose ó servizo periférico de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente no prazo establecido,
- Os servizos de tempada poderán contar cunha autorización por un prazo máximo de catro anos, se ben as instalacións deberán desmontarse, unha vez rematada cada unha das tempadas incluídas no prazo de duración da autorización.
- Otorgada a autorización polo Servizo Periférico de Costas, os Concellos, tralo abono do canon de ocupación correspondente, poderán proceder a súa explotación, por sí ou por terceiros.

O artigo 51 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas establece a necesidade de autorización administrativa para ocupar o dominio público marítimo terrestre con instalacións desmontables ou con bens móbiles, que corresponde outorgar á administración do Estado.

O artigo 26 da citada Lei e 49.1. do regulamento que a desenvolve, establecen a obriga de obter autorización administrativas para as instalacións que se sitúen en zonas de servidume de

protección do dominio público marítimo terrestre, que corresponde outorgar á Comunidade Autónoma.

Tamén, o artigo 53.1., parágrafo segundo, da Lei 22/1988, de 28 de xullo, establece que “no caso de que os Concellos opten por explotar os servizos de tempada a través de terceiro, aqueles garantirán que nos correspondentes procedementos de outorgamento se respeten os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.”

O Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, regula no seu artigo 2º.2.i) o requisitos para autorizar as instalacións ao servizo das praias desmontables que se sitúen en zona de servidume do dominio público marítimo terrestre, tendo emitido documento informativo sobre estas autorizacións.

Neste sentido, o Concello de Vigo ben aprobando anualmente o plan de ocupación, instalación e explotación dos servizos de tempada: quioscos nas praias do termo municipal de Vigo, que comprende aquelas instalacións desmontables situadas en terreos de dominio público marítimo terrestre e aquelas situadas en terreos municipais en zona de servidume de protección ou de tránsito deste dominio. O prazo destas ocupacións estímase no máximo da tempada como xeral do 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2015.

As ditas instalacións de tempada: quioscos considéranse precisas nos areas polos servizos que prestan aos usuarios, no so polos subministracións de bocadillos, bebidas, xelados... senón tamén por dispor, encargarse da limpeza, de baños públicos e gratuítos para os usuarios como ben esixíndolles este Concello.

Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:

DESCRICIÓN	EMPRAZAMENTO	ZONIFICACIÓN, LEI DE COSTAS	OCUPACIÓN EN M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta. A Guía	Propiedade municipal, Zona de servidume de tránsito	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baía, Alcabre	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de	20

		protección	
QUIOSCO 8	Areal de Samil	Propiedade municipal, Zona de servidume de protección	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	Dominio público marítimo terrestre	20
QUIOSCO 11	Areal da Etea	Dominio público marítimo terrestre	20

Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.

A documentación e informes técnicos emitidos polos arquitectos municipais en novembro de 2014 e obrantes no expediente, indican a súa conformidade co planeamento urbanísticos, adecuación á normativa de accesibilidade e a observancia, en tódolos casos, das prescricións de distancias e medidas, especificadas polo Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Os quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11 que se sitúan en dominio público marítimo terrestre ou na zona de servidume de tránsito cuxa autorización sectorial corresponde ó Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente cumpre tanto co esixido para ocupacións en tramos naturais de praias como para ocupacións en tramos urbanos, segundo o establecido no artigo 68 e 69 do Regulamento de costas aprobado por Rd 876/2014, de 10 de outubro. Neste sentido as ocupación non superan os 20 m² de superficie cerrada, sitúanse a unha distancia igual ou superior a 300 ml, a ocupación da praia e moi inferior ó 10% da superficie en preamar, e os usos están permitidos.

Os quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 que se sitúan na zona de servidume do dominio público marítimo terrestre cuxa autorización sectorial corresponde á Xunta de Galicia: CMATI cumpre co esixidos especificamente para a instalacións desmontables de tempada do Real decreto 158/2005, de 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, superficie que non supera os 20 m² de ocupación pechada, distancia superior a 100 ml nos quioscos de Samil, Argazada e Tombo do Gago e nos outros incluso superan os 300 ml.

Por outra banda, cómpre sinalar que as praias ás que dan servizos os quioscos deben ter a consideración de tramos urbanos de praias toda vez que si ben os terreos de dominio público marítimo terrestre teñen a clasificación no PXOM vixente de Vigo de solos rústicos de protección por mandato do establecido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia, non é menos certo que tal e como se aprecia nos informes e planos a escala 1:2000 de ordenación pormenorizada do solo do PXOM vixente que achegan os arquitectos municipais, os terreos lindantes con este solo teñen a clasificación do SOLO URBANO e cualificación de sistemas xerais. En todo caso, como sinala o artigo 67 e disposición transitoria vixésimo cuarta do Regulamento de costas, Rd. 876/2014, a delimitación dos tramos naturais ou urbanos das praias corresponde á administración competente en materia de ordenación do territorio (Xunta de Galicia:CMATI) no prazo dun ano dende a entrada en vigor do dito regulamento.

A ocupación, instalación e explotación dos servizos tempada, quioscos, deste plan de praias, realizarase por terceiros particulares. Neste ano é preciso realizar o procedemento de licitación para otorgar as autorizacións a terceiros ó ter remato o prazo de vixencia das anteriores autorizacións.

Co obxecto de axilizar este procedemento e que á data de inicio da tempada (30 de xuño) estean adxudicadas as autorizacións, tendo en consideración que no ano anterior as autorizacións sectorias non se recibiron ata 21 de marzo (Estado), 09 de maio (Xunta) sen tempo material para tramitar o procedemento de licitación e outorgar as autorizacións antes do inicio da tempada estival, considerase preciso que:

- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación dos pregos e a efectuar o procedemento de licitación.
- Unha vez recibidas as autorizacións sectorias (Estado e Xunta de Galicia) proceder a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o seu contido.

Nas condicións técnicas destas instalacións que figurarán no correspondente prego, especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, tamén, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.

A vista do anteriormente exposto, ao abeiro das atribucións de competencias que establece o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local en relación coa Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Plan de Ocupación, Instalación e Explotación de Servizos de Tempada nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2015 tal e como se recolle na parte expositiva deste acordo (expte. 10618/306).

SEGUNDO.- Remitir, a maior brevidade posible, o Plan de Ocupación e Explotación ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para a autorización da instalación dos quioscos de tempada que se emprazan en terreos de dominio público marítimo terrestre ou servidume de tránsito (Quioscos nºs. 1, 9, 10 e 11) .

TERCEIRO.- Remitir, á maior brevidade posible, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) este plan de ocupación, instalación e explotación, coa documentación e informes técnicos citadas e obrantes no expediente, para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestres (Quioscos nºs. 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).

CUARTO.- O concello de Vigo obrígase, como en anos anteriores, a esixir dos terceiros que resulten adxudicatarios das autorizacións a constitución da correspondente garantía para

responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

QUINTO.- O concello garantirá que no procedemento de outorgamento das autorizacións de ocupación, instalación e explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.

SEXTO.- Unha vez solicitadas as autorizacións sectoriais antes citadas, o Concello procederá á redacción dos pregos que rexeran o procedemento de licitación da autorización garantindo os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva, para a adxudicación das autorizacións de conformidade co previsto nos artigos 53 da Lei 22/1988, de 28 de xullo de costas, 113 do Real decreto 876/2014, de 10 de outubro, Decreto 158/2005, 86 e 91 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio das Administracións Públicas e concordante normativa de aplicación; á aprobación destes e a efectuar o procedemento de licitación.

Unha vez recibidas as autorizacións sectorias (Estado e Xunta de Galicia) procederá a súa incorporación ó procedemento e ao outorgamento das autorizacións ós terceiros que resulten do procedemento de licitación incorporando o contido das autorizacións sectoriais para o seu cumprimento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1468).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL COA INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DA ONCE PARA A VENDA DE PRODUTOS DE XOGO, E OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN. EXPTE. 19648/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 26.11.14, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público. (TRLCSP)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 14 de agosto de 2014, acordou aprobar inicialmente o prego de condicións administrativas que rexirán a concesión administrativa para a

ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos da ONCE para a venda de produtos de xogo.

SEGUNDO.- No período de información pública, mediante edicto publicado no BOP en data 6.10.2014 polo prazo e procedemento regulamentario, ó que se someteu o prego de condicións administrativas aprobado, non foron formuladas alegacións o mesmo, segundo resulta da certificación da Secretaría de Goberno Local de data 17.11.2014.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A ocupación do dominio público municipal con obxecto da instalación de quioscos, constitúe un uso normal e privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxetase o réxime xurídico previsto nos ordeamentos para o outorgamento das concesións administrativas de dominio e en concreto a regulación das mesmas se contén no capítulo 1º do título II da Ley 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- O procedemento e forma da adxudicación a seguir para o outorgamento da concesión administrativa, como título habilitante é, no presente caso, a adxudicación directa a favor da entidade ONCE, tal e como se reflicta na Cláusula I Obxecto. Apartado 2 do Prego de Condicións Administrativas aprobado, en virtude do disposto no art. 93.1 da LPAP o sinalar que: "Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. Non obstante, podera acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis".

TERCEIRO.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A vista das anteriores circunstancias, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexeran a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos da ONCE para a venda de produtos de xogo, co seguinte texto:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO, MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DA ONCE.

CLÁUSULA I.- OBXECTO.

1.- O presente prego ten por obxecto o establecemento das condicións administrativas particulares que rexerán a concesión administrativa para o uso privativo de terreos de dominio público, mediante a instalación de quioscos na vía pública, con destino exclusivo á venda de produtos de xogo pola ONCE.

2.-De conformidade co disposto no art. 93.1 en relación o 137.4 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas, a concesión administrativa outorgarase mediante adxudicación directa a favor da Organización Nacional de Cegos de España (ONCE).

CLÁUSULA II.- NATUREZA DA CONCESIÓN.

A natureza da relación que vinculará ó concesionario co Concello, será a propia da concesión administrativa de dominio público, conforme ó previsto no artigo 78 e seguintes do Real Decreto 1372/86, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A concesión, que non supón cesión de dominio público nin de facultades dominicais, comprenderá o uso privativo do solo do dominio público de titularidade municipal mediante a instalación de quioscos da ONCE.

CLÁUSULA III.- ZONA DE EMPLAZAMENTO E MODELO DOS QUIOSCOS.

1. Os quioscos situaranse nos seguintes lugares, debendo responder o seu modelo ó sinalado para cada un deles na proposta presentada pola ONCE e que constan anexas a solicitude de autorización e informadas polo servizo municipal de Seguridade e Tráfico :

QUIOSCOS DA ONCE EN VIGO			
Nº	ENDEREZO	LOCALIDADE	MODELO
1	Gran Vía esq. C/Pizarro(Plaza)	Vigo	DUERO
2	C/Manuel Nuñez Plaza de Colón	Vigo	DUERO
3	Avd. Gregorio Espino 21	Vigo	MANZANARES/C
4	C/ Gran via 74	Vigo	MANZANARES/C
5	C/ Manuel de Castro 4 .Esquina	Vigo	MANZANARES/C
6	C/ Gran Vía 174 esq. C/ Gerona	Vigo	MANZANARES/C
7	Avd. Camelias, 45	Vigo	MANZANARES/C
8	C/ Gran Vía 116	Vigo	MANZANARES/C
9	C/ Urzaiz 96	Vigo	MANZANARES/C
10	C/ Sanjurjo Badia, 190	Vigo	GUADALQUIVIR
11	C/ Pizarro, 69-73	Vigo	GUADALQUIVIR
13	C/ Travesía de Vigo, 107	Vigo	BILBAO/CT
14	C/ Travesía de Vigo, 42	Vigo	BILBAO/CT
15	C/ Travesía de Vigo, 137	Vigo	BILBAO/CT
16	Plaza de Independencia, 5	Vigo	BILBAO/CT
17	Alameda de Suárez Llanos (Bouzas)	Vigo	NERVIÓN
18	Avd. García Barbón, 36 (Bingo)	Vigo	BILBAO /CT

19	C/ Via Norte esq. C/Urzáiz	Vigo	BILBAO/CT
20	C/ Gran via, 16	Vigo	BILBAO
21	C/ Policarpo Sanz, 1 (Porta do Sol)	Vigo	DUERO
22	Plaza de Compostela (Pta. Correos)	Vigo	GUADALQUIVIR
23	Avd, Florida, 2 (Plaza de América)	Vigo	SEVILLA
24	Avd. Castrelos. Avda Fragoso	Vigo	ARAGÓN
25	C/ Camelias, 143	Vigo	ARAGÓN
26	C/ Gregorio Espino, 16	Vigo	SEVILLA
27	Plaza Eugenio Fadrique,10	Vigo	SEVILLA-M
28	C/ Urzáiz, 185 (Ref. Mercado)	Vigo	SEVILLA-M
29	Avda. Camellias, 84	Vigo	BILBAO/ 1.08
30	Plaza de America, 8	Vigo	SEVILLA /CT
31	Avd. Florida, 42	Vigo	BILBAO 1,08
32	Avd. Fragoso, 103	Vigo	SEVILLA-M
33	C/García Barbón, 48	Vigo	BILBAO- L
34	C/Gregorio Espino, 52	Vigo	SELLA
35	C/ Sanjurjo Badía, 212	Vigo	BILBAO-L

2. *Pola Concellería de Seguridade e Tráfico fixarase na zona de emprazamento, no seu momento, ó lugar exacto onde situarase polo concesionario o quiosco.*

3. *O prazo para a instalación dos quioscos será de dous meses dende a data da formalización da concesión.*

4. *O Concello resérvase a facultade de variar o emprazamento das instalacións, con carácter temporal ou definitivo, se así o esixisen as necesidades de utilización do dominio público. Neste caso, o concesionario levantará ás súas expensas as instalacións do seu emprazamento orixinal e efectuará a nova instalación no emprazamento fixado por aquela, dentro do prazo dos 15 días seguintes ó requerimento feito pola administración municipal. De non cumprir o concesionario o requerimento no prazo sinalado, a Administración municipal levantará de oficio a instalación con cargo ó concesionario.*

CLÁUSULA IV.- DURACIÓN DA CONCESIÓN.

- *A concesión outórgase por un prazo de cinco anos, con prórrogas automáticas dun ano cada unha ata un máximo de cinco, salvo denuncia expresa de calquera das partes, comunicada con una antelación mínima de tres meses á finalización do prazo inicial ou o da prórroga en curso.*
- *O cómputo do prazo iniciarase ó día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da concesión administrativa.*

CLÁUSULA V.- VALOR SOLO E INSTALACIÓNS.

Estímase o valor medio do dominio público ocupado e das instalacións obxecto de concesión, en 9.180 € / quiosco resultando nunha cantidade total de 321.300 € polo nº de quioscos a instalar (35) .

CLAUSULA VI.- GARANTÍAS.

A garantía definitiva será dun 3% do valor do dominio público ocupado e do orzamento de obra da instalación dos quioscos, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación da concesión administrativa.

CLÁUSULA VII.-CANON DA CONCESIÓN.

O concesionario aboará a taxa que corresponda, dacordo co previsto na Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polo aproveitamento especial de terreos de dominio público local coa instalación de Quioscos.

CLÁUSULA VIII.- PAGAMENTO DE GASTOS E TRIBUTOS.

O concesionario estará obrigado ó pagamento do importe dos anuncios preceptivos do sometemento á información pública do prego de condicións, dos gastos rexistrados, notariais e administrativos que se orixinen no outorgamento e inscrición da concesión, e de cantos outros gastos, gravames ou tributos de calquera clase se deriven, con motivo dos trámites preparatorios e formalizadores do contrato subseguinte.

CLÁUSULA IX.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO PREGO DE CONDICIÓNS.

Aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local o Prego de condicións administrativas que rexerán a concesión administrativa de dominio público, exporase ó público durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións ou suxestións polas persoas interesadas, a partir da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia, que se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en idéntico prazo, ou por calquera dos procedementos previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común.

CLÁUSULA X.- DEBERES E FACULTADES DO CONCESIONARIO.

A). Ademais das obrigas que resulten da normativa legal e regulamentaria aplicabel, serán obrigas do concesionario as seguintes:

- 1) Exercer por si mesmo a actividade que constitúe o obxecto da concesión.*
- 2) Adicar o quiosco, á venda dos produtos de xogo da ONCE, con exclusión de calquera outro uso ou produto.*
- 3) Non traspasar ou ceder a concesión.*
- 4) Instalar o quiosco con suxeición ó modelo, deseño, características, dimensións, materiais e emprazamento aprobado polo Concello en cada caso.*
- 5) Aceptar e asumir o coste do traslado dos quioscos a unha ubicación próxima, por razóns de interese público.*
- 6) Manter os quioscos en bo estado de conservación e funcionamento.*

- 7) *Prestar o servizo de xeito adecuado, dotándoo dos medios persoais e materiais necesarios para atender o público de forma correcta.*
- 8) *Cumprir as disposicións vixentes relativas á comercialización dos produtos de xogo da ONCE.*
- 9) *Cumprir as obrigas de carácter laboral e de Seguridade Social respecto ó seu persoal, que dependerá exclusivamente do adxudicatario e non terá relación laboral, administrativa ou de ningunha outra clase co Concello.*
- 10) *Satisfacer o canon no prazo previsto.*
- 11) *Asumir os gastos de calquera clase derivados da explotación e funcionamento do negocio.*
- 12) *Asumir integramente a responsabilidade de calquera orde, derivada da existencia e utilización e funcionamento do quiosco, indemnizando a terceiros ou ó propio Concello dos danos e perdas ocasionados.*
- 13) *Cumprir en todo momento as ordes e indicacións dos servizos municipais competentes.*
- 14) *Reposición do dominio público ó seu estado orixinal ó finalizar o prazo concesional ou no caso de resolución da concesión.*

B). Son facultades do concesionario:

- *A ocupación do dominio público outorgado para a instalación do quiosco.*
- *A xestión e explotación do quiosco e dos espazos publicitarios.*
- *Cambiar o modelo do quiosco, previa autorización do concello.*
- *Calquera outro legal ou regulamentariamente recoñecido ou que figuren con tal carácter no presente prego de cláusulas.*

CLÁUSULA XI.- FACULTADES DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL CONCEDENTE.

- *Permitir a ocupación do dominio público e outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para a instalación do quiosco e utilización do dominio público obxecto da concesión.*
- *Inspeccionar as obras e instalacións da concesión con carácter permanente, permitindo o acceso ó persoal municipal para que o verifique. A Corporación Municipal a través dos servizos dela dependentes, poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación do quiosco e dos terreos concedidos e sinalar as reparacións que deban realizarse, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle sinale. Se o concesionario non realizase as obras de reparación no prazo establecido, sancionárase pola comisión dunha falta leve coa imposición de multa en grado máximo, concedéndolle un novo prazo de execución. O incumprimento do novo prazo sinalado, sancionárase como infracción grave coa imposición dunha multa en grado máximo. Se, non obstante a segunda sanción económica, o concesionario non executase as reparacións, procederáse a instruír expediente de caducidade da concesión.*
- *O dereito a deixar sen efecto a concesión antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público, con indemnización o seu titular polo prexuízo material que se lle orixine, excepto cando o rescate estea baseado en motivos imputábeis ó concesionario, suposto no que non procederá o resarcimento de danos e indemnizacións de prexuízos de acordo co art. 80.10 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*

- *Calquera outra facultade prevista neste prego ou en virtude de disposición legal ou regulamentaria.*

CLÁUSULA XII.- RÉXIME DISCIPLINARIO: INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

A) INFRACCIÓNS:

Os incumprimentos contractuais polo concesionario darán lugar á imposición de sancións administrativas e a estes efectos terán a consideración de:

a) Infraccións leves:

- *A produción de ruídos, gritos ou música que incumpran a ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións.*
- *A falta de ornato ou limpeza das instalación e da zona de influencia.*
- *O emprego de palabras ou acenos groseiros no seu trato cos usuarios ou viandantes.*

b) Infraccións graves:

- *A reincidencia por dúas veces en faltas leves.*
- *Non cumprir as obrigas de seguridade das instalacións e os seus elementos.*
- *A colocación de mercadorías e o exercicio da actividade fóra do recinto da instalación.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 7 días consecutivos ou 10 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*
- *A instalación do quiosco en lugar distinto ó autorizado, ou nun prazo superior ó previsto no prego de condicións.*
- *O retraso no pagamento do canon por prazo superior a tres meses dende a data de remate do período voluntario fixado na ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento local de terreos do dominio público local coa instalación de quioscos.*
- *A desobediencia ás ordes e instrucións municipais.*

c) Infraccións moi graves:

- *A reiteración por dúas veces de faltas graves.*
- *O incumprimento das obrigas fiscais e de Seguridade Social.*
- *A exposición e venda de produtos non autorizados.*
- *O peche ou suspensión do exercicio da actividade por un prazo superior a 10 días consecutivos ou 15 alternos no prazo de 6 meses, agás que medie causa xustificada.*

- *O non pagamento do canon da concesión ou o retraso no mesmo en máis de seis meses da data límite para o seu aboamento.*
- *As modificacións da instalación que revistan carácter esencial e non conste a autorización municipal previa para a realización das mesmas.*
- *Destinar o quiosco a actividades distintas das autorizadas.*
- *O retraso en máis de tres meses do prazo fixado para a instalación do quiosco.*
- *Ocupación de máis superficie da vía pública que a autorizada.*
- *A instalación dun modelo de quiosco distinto do autorizado.*

B. SANCIONES

- *As infraccións previstas no apartado anterior serán sancionadas, previa instrucción do correspondente expediente, con multas de acordo coa seguinte escala:*

Pola comisión de infracción leve: multa de ata 750 €.

Pola comisión de infracción grave: multa de 751 ata 1.500 €.

Pola comisión de infracción moi grave: multa de 1.501 ata 3.000 €.

- *A contía das sancións económicas entenderanse automaticamente revisadas simultaneamente co canon en cada período en que este experimente alteración.*
- *A comisión de infracción moi grave poderá tamén ser sancionada coa resolución da concesión.*
- *A imposición de calquera das sancións previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ó infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ó seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.*
- *As sancións a aplicar fixaranse atendendo os seguintes criterios de gradación:*
 - a) O grado de culpabilidade do infractor.*
 - b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
 - c) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
 - d) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas nesta ordenanza, cando así fose declarado por resolución firme.*
 - e) A reparación do dano voluntariamente antes de recaer a resolución que poña fin ó procedemento sancionador.*

C. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR:

O incumprimento das normas establecidas no presente prego, orixinará a incoacción do correspondente expediente sancionador que se tramitará consonte o procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Comun, e no regulamentado no RD 1398/1993, de 4 de agosto, Regulamento do Procedemento para o exercicio da Potestade Sancionadora.

I.- órgano competente para imposición das sancións.-

- 1. As sancións por infraccións leves ou graves imporanse polo Concelleiro delegado en materia de Patrimonio.*
- 2. As sancións por infraccións moi graves imporanse pola Xunta de Goberno Local .*

II.-prazo de prescripción das infraccións e sancións.-

- 1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos, as graves ós dous anos e as leves ós seis meses*
- 2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves ó ano.*
- 3. O prazo de prescripción das infraccións comenará a contarse dende o día no que a infracción se cometeu. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputábel ó presunto responsábel.*
- 4. O prazo de prescripción das sancións comenará a contarse dende o día o seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interrumpirá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, voltando a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ó infractor.*

III.-Pagamento das sancións:

O importe das multas será aboado polo concesionario na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o importe da sanción, esixirase o pagamento por vía de apremio administrativo.

CLÁUSULA XIII.- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN.

Seran causa de resolución da concesión, sen prexucio das tipificadas como infraccións moi graves, as seguintes:

- a) A cesión, transferencia ou novación da titularidade da concesión, ou dos dereitos de xestión e explotación do quiosco.*
- b) Allear ou gravar os bens o dereitos concesionais.*
- c) Destinar os terreos de dominio público concedidos, a instalacións ou usos distintos dos expresados neste prego.*
- d) O incumprimento reiterado das ordes ou instrucións dictadas pola Administración, referente á conservación e mantemento das instalacións ou dominio público.*

- e) *A invasión do dominio público non outorgado na concesión ou o aumento de superficie ou volume respecto do modelo de quiosco que se aprrobe.*

CLÁUSULA XIV.- RESCATE.

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento, se o xustificasen circunstancias de interese público, sen prexuízo da indemnización ó concesionario dos danos que se lle causasen.

CLÁUSULA XV.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase:

- a) Polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada, ou denuncia de calquera das prórrogas.*
- b) Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi concedida.*
- c) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- d) Por calquera das causas previstas no art. 100 da Lei 33/2003 do Patrimonio das Administracións Públicas.*

CLÁUSULA XVI.- REVERSIÓN.

1.- Ó vencemento da concesión, e con independencia da causa que a motive, o concesionario verá obrigado a cesar no uso e ocupación do dominio público, debendo proceder á retirada do quiosco e reposición do dominio público ocupado ao seu estado orixinal, revertindo este en perfecto estado de conservación.

2.- Da recepción polo Concello dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese este a dito acto. Na acta reseñarase o estado de conservación dos bens revertidos, especificándose, de selo caso, as deficiencias ou deterioros que presenten, servindo a acta de base para instruír o correspondente expediente, no que se concretará o importe das reparacións necesarias, cuio abono esixirá ó concesionario, utilizando, se fose necesario, o procedemento de apremio administrativo.

3.- Estabelécese como prazo máximo para o desaloxo e entrega dos bens, o de quince días hábiles a contar dende a data de vencemento da concesión.

Se transcurrido dito prazo, o concesionario non procedera ó dexaloso e entrega dos bens, aboarará ó Concello de Vigo, en concepto de indemnización, a cantidade de 300 euros por cada día de retraso no que incurra, e ata o total cumprimento da súa obriga. O Concello, sen perxuízo de dita indemnización, poderá exercitar as accións e facultades que o ordenamento xurídico lle recoñece na defensa e protección do seu patrimonio.

CLÁUSULA XVII: FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión formalizarase en documento administrativo, nun prazo de 15 días dende a data da notificación do acordo ao solicitante, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

CLÁUSULA XVIII.: GASTOS

O concesionario estará obrigado a pagar tódolos gastos dos anuncios, nos diarios oficiais, da información pública a que deberá someterse o prego de condicións.

Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven a concesión.

O importe máximo dos anuncios de información é de 750 euros.

CLÁUSULA XIX- TRIBUNAIS COMPETENTES.

A prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento corresponde ó Concello de Vigo, e á xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer as cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación destas condicións que conteña o contrato, ou en canto á interpretación, modificación ou resolución.

CLÁUSULA XX- RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto no presente prego, estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Regulamento de Bens das Entidades Locais e demais disposicións de aplicación.

2º.- *Outorgar a Organización Nacional de Ciegos de España (ONCE) a concesión administrativa para a ocupación de dominio público municipal coa instalación de quioscos da ONCE para a venda de produtos de xogo, dacordo co anterior prego aprobado.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1469).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XUÑO E OUTUBRO 2014. EXPTE. 25863/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.12.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de xuño, e outubro-2014 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Limpeza, Parque Central e Parque Móbil.

Ademais inclúese no presente expediente, relacións de horas do mes de xullo, realizadas polo persoal de Vías e Obras por motivos extraordinarios e urxentes, tal e como se recolle no informe

asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e conformado polo Concelleiro delegado da Area de data 16/10/2014.

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
140133191	Alcaldía (Condutores)	Outubro-2014	286'00	
140134107	Extinción de Incendios	Outubro-2014	1.439'00	
140134013	Policia Local (Xulgados)	Outubro-2014	808'00	
140133955	Policia Local (Horas en exceso)	Outubro-2014	204'10	
140082325	Inspección Vías e Obras	Xuño-2014	84'00	25012-220
140133218	Ospio	Xuño-2014	80'00	25014-220
140133165	Vías e Obras	Xuño-2014	20'00	25015-220
140130054			190'00	
140131606			60'00	
140131647	Limpeza	Xuño-2014	43'00	25016-220
140133190	Parque Central	Xuño-2014	68'00	25100-220
140131638			60'00	
140106110	Parque Móbil	Xuño-2014	31'00	25317-220

Nos documentos remitidos indícase nome, numero de persoal , servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta co resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policia Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da Policia Local , amais do exceso de xornada realizado remítese o correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 25863-220 e que se corresponden cos Documento 140069666 (Inspección Vías e Obras), Documento 140118689 (Ospio), Documento 140094786 e 140119019 (Vías e Obras), Documento 14011984 e 140117477 (Limpeza), Documento 140106127, 140117482 e 140117530 (Parque Central), Documento 140106110 e 140117484 (Parque Móbil) figuran o servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

No exceso de xornada realizado polo persoal do Servizo de Vías e Obras os días 5, 6 e 7 de xullo, con motivo das festas da Consolación de Coia, dada a urxencia na realización de traballos de carga, transporte, colocación e posterior retirada e almacenaxe das cadeiras para os concertos celebrados na mesma, non se solicitou a correspondente autorización, tal e como se recolle na Instrucción Cuarta sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos vixente en canto a situacións imprevistas e/ou urxentes.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 35.251,89 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Outubro-2014	286'00	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Outubro-2014	1.439'00	De Alonso Abalde, Manuel a Villar Domínguez, Manuel
Policia Local (Xulgados)	Outubro-2014	808'00	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vila Campos, Francisco José
Policia Local (Horas en exceso)	Outubro-2014	204'16	De Bouzas Novas, José a Verde Vieitez, José Manuel
Inspección Vías e Obras	Xuño-2014	84'00	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio
Ospio	Xuño-2014	80'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Xuño-2014	190'00	De Amoedo Cabaleiro, José Luis

		60'00	a
		20'00	Rodríguez Rocha, Rodrigo
		100'00	De Alonso Iglesias, Manuel a
			Prieto Domínguez, Florentino
			Rodríguez Lestón, Bernardo
			De Bastos Román, Jesús a
			Alonso Alonso, Miguel Ángel
Limpeza	Xuño-2014	43'00	De Alonso González, Angel a
			Quintas Pérez, Manuel
Parque Central	Xuño-2014	68'00	De Abelleira Porrua, Guillermo a
	Xuño-2014	60'00	Pérez Fernández, J. Alfonso
			De Comesaña Davila, José A. a
			Troncoso Martínez, Avelino
Parque Móbil	Xuño-2014	31'00	De Alonso González, Ángel a
			Riveiro Rodríguez, José

O montante do presente expediente ascende a un total de 35.251,89 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1470).- DAR CONTA Á X.G.L. DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:

A) DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE EXCEDENCIA PARA O COIDADADO DUN FILLO A DNA. IRIA ÁLVAREZ OUTEIRO, NO PERÍODO DO 16.12.2014 AO 15.12.2015. EXPTE. 25915/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.11.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En escrito de data 19/11/2014 (documento nº 140141202) Dona Iria Alvarez Outeiro, con DNI 53.176.152-Z e nº de persoal 78538, traballadora social, laboral indefinida por sentenza, que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, solicita a declaración de excedencia por coidado dun fillo.

2.- Segundo sinala o artigo 46.3, do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, os traballadores terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender ó coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza, como por adopción, ou nos supostos de acollemento, tanto permanente como preadoptivo, aínda que estos sexan provisionais, a contar dende a data de nacemento, ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.

O período no que o traballador permaneza en situación de excedencia conforme ao establecido neste artigo será computable a efectos de antigüidade e o traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, a cuia participación deberán ser convocado polo empresario, especialmente con ocasión da súa reincorporación. Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Transcorrido dito prazo, a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

3.- Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local modificada por Lei 27/2013, do 27

de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; en nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar a Dona Iria Alvarez Outeiro, con DNI 53.176.152-Z e nº de persoal 78538, traballadora social, laboral indefinida por sentenza que desenvolve as súas funcións no Servizo de Benestar Social, en situación de excedencia para o coidado dun fillo, polo período do 16 de decembro de 2014 ao 15 de decembro de 2015, computando o dito período a efectos de antigüidade e Seguridade Social, nos termos do disposto na normativa vixente, con dereito a reserva do posto de traballo.

SEGUNDO.- Dese traslado do presente acordo á interesada, concelleira-delegada da Área de Política de Benestar Soical, Xefe de Área de Benestar Social, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Servizos).

Contra a presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Con data 26.11.14, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. EDUARDO SARO PÉREZ DOMÍNGUEZ, CON DATA DE EFECTOS 01.12.2014. EXPTE. 25925/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.11.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. EDUARDO SARO PÉREZ DOMÍNGUEZ, con DNI 35.984.331-A, resultan os datos seguintes:

- Vínculo xurídico: empregado municipal (réxime laboral).*
- Nº de persoal: 15823.*
- Data de nacemento: 01/12/1949.*
- Praza: Oficial de Servizos Internos, subgrupo C2 de titulación.*
- Posto de traballo: Oficial de Servizos Internos, código 146, adscrito ao Gabinete de Alcaldía (101).*

- *Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 08, aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable, de data 07/08/2014), acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.*

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 01/12/2014.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do empregado municipal D. EDUARDO SARO PÉREZ DOMÍNGUEZ, con nº de persoal 15823, na praza de Oficial de Servizos Internos, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo do cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) e consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 01/12/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 30.11.14, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA EMPREGADA MUNICIPAL DNA. M^a ELSA RODRÍGUEZ LAGOA, CON DATA DE EFECTOS 01.12.2014. EXPTE. 25927/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.11.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a Dna. M. ELSA RODRÍGUEZ LAGOA, con DNI 35.979.097-J, resultan os datos seguintes:

- *Vínculo xurídico: empregada municipal (réxime laboral)*
- *Nº de persoal: 23780.*
- *Data de nacemento: 01/12/1949.*
- *Praza: Auxiliar Administrativa I, subgrupo C2 de titulación.*
- *Posto de traballo: Auxiliar Administrativa, código 140, adscrita ao Negociado de Bens Inmóveis (511).*
- *Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 07, con 47 anos e 9 meses de cotización.*

2.- *Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 01/12/2014.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido

da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.

II.- O Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”

III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria da empregada municipal Dna. M. ELSA RODRÍGUEZ LAGOA, con nº de persoal 23780, na praza de Auxiliar Administrativa, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 01/12/2014.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 30.11.14, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

19(1471).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A FAVOR DA IRMANDADE DE NOSA SRA. DAS NEVES. EXPTE. 90891/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 12.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade do 24.11.14, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Segundo consta no expediente de referencia, a IRMANDADE DE NOSA SRA DAS NEVES CIF G36954162 constituíu garantía por contía de 2.000 €, segundo a carta de pagamento MANOIF nº 201400054086 de data 23/07/14, para responder dos posibles danos que se derivasen da celebración da FESTA NOSA SRA DAS NEVES realizada en data 02 ao 05 de agosto de 2014 na Alameda de festas de Matamá.

En data 20/10/14, a IRMANDADE DE NOSA SRA DAS NEVES CIF G36954162 número de documento 140126445 solicita a devolución da citada garantía.

Solicitado informe ao servizo de Montes, Parques e Xardíns, sobre a devolución da fianza o xefe do citado servizo, informa en data 29/10/14, que non existe inconveniente en acceder á devolución da citada fianza xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Con data 12/11/14 do ano que andamos, o Interventor Xeral informa favorablemente a devolución da citada fianza.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

DEVOLVER a IRMANDADE DE NOSA SRA DAS NEVES CIF G36954162, a fianza de 2000 € constituída para responder dos posibles danos con motivo da celebración da FESTA NOSA SRA DAS NEVES realizada en datas 02 ao 05 de agosto de 2014, na Alameda de Matamá, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1472).- CRITERIOS PARA A COMPARECENCIA EN FORMA DO CONCELLO DE VIGO NOS PROCESOS CONCURSAIS DAS PERSOAS OU ENTIDADES DEBEDORAS Á FACENDA MUNICIPAL. EXPTE. 14839/541.

Dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, de data 1.12.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Na Unidade de Recadación Executiva do Concello de Vigo lévanse a cabo as actuacións relacionadas cos procesos concursais daquelas empresas ou persoas físicas, debedoras á Facenda Municipal, que se atopan en situación de concurso de acreedores. Destas actuacións cabe destacar as seguintes:

- *Consultar as publicacións que en materia concursal se practican no BOE, no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil así como no Rexistro Público de Resolucións Concurrais.*

- *Comunicar aos administradores concursais, dentro dos prazos legais, os créditos concursais, na forma e co contido previsto no artigo 85 da Lei Concursal.*
- *Verificar a correcta calificación dos créditos, o que ten unha grande importancia dado que, con carácter xeral, os créditos tributarios teñen o carácter de créditos privilexiados.*
- *Comprobar que os créditos se atopan incluídos na lista definitiva de acredores.*
- *Plantexar, de ser o caso, os incidentes concursais ou os recursos que procedan.*
- *Realizar o seguemento dos convenios aos efectos do seu cumprimento.*

Tales actuacións realízanse sen “comparecencia en forma” (personación) nos respectivos procesos concursais, como parte afectada, por parte da Asesoría Xurídica Municipal.

Se ben para algunha das actuacións citadas, tal como a comunicación dos créditos e formulación de alegacións, ou para asistir e intervir na xunta, non é necesario a comparecencia en forma no procedemento concursal dos Servicios Xurídicos Municipais, ésta si é necesaria, consono de dispón o apartado terceiro do artigo 184 da Lei Concursal, para interpoñer recursos, promover incidentes concursais, ou impugnar actos de administración xa que, en tales casos, o acredor ten que intervir representado por procurador e asistido de letrado.

É frecuente que, ao non estar o Concello de Vigo comparecido nos procedementos concursais, os Administradores Concursais non nos notifiquen persoalmente determinados acordos de evidente relevancia para a resolución final do concurso -xa que ao non estar persoados, non teñen a obriga de facelo-, acordos dos que só temos coñecemento unha vez aprobado o convenio, momento no que xa non se pode presentar ningún tipo de alegación, xa que o devandito convenio aprobouse por unha resolución xudicial e é de obrigado cumprimento.

O citado convenio concursal contén os acordos aos que chegaron a empresa concursada para acadar a súa viabilidade e os acredores de dita empresa concursada que tivesen comparecido no procedemento concursal e que, en boa lóxica, defenderán os seus intereses lexítimos, quedando os intereses xerais municipais ao arbitrio das decisións adoptadas polos Administradores concursais, sobre todo no que se refire a correcta cualificación e cuantificación da débeda comunicada polo Concello.

Deste xeito, non resulta estraño que algunhas veces exista debida tributaria legalmente esixible que finalmente non se faga efectiva como consecuencia de non ter “voz e voto” no procedemento concursal, de modo que da correcta calificación dos créditos poden derivarse consecuencias importantes. Isto sucede, por exemplo, cando se califica polos Administradores concursais un crédito con privilexio especial como privilexiado xeral, ou cando un crédito privilexiado é calificado como ordinario ou incluso subordinado, xa que, con carácter xeral, os créditos ordinarios e os subordinados quedan sometidos na súa totalidade (100 % do importe) as condicións do convenio, instrumentándose a través de “quitas” e “esperas”.

En efecto, o artigo 90 da Lei Concursal establece que son créditos con privilexio especial, entre outros, os créditos garantizados con hipoteca legal inmobiliaria, sobre os bens hipotecados, como é o caso do Imposto sobre Bens Inmóbeis, ao estar prevista na normativa tributaria e reguladora das facendas locais a figura da hipoteca legal tácita. Naturalmente, os créditos con garantía real gozan no concurso de privilexio especial e o convenio só afectaralles se o seu titular asína a proposta, vota ao seu favor ou adhírese a ela ou ao convenio aprobado.

Pola súa beira, o artigo 91.4 da Lei Concursal dispón que os créditos tributarios e demais de Dereito Público son créditos con privilexio xeral ata o 50% do seu importe, de modo que o 50% restante terá o carácter de crédito ordinario, e, finalmente, o artigo 92 da LC establece que teñen o carácter de subordinados os créditos correspondentes a recargos e intereses, así como as multas e demais sancións pecuniarias.

A maior abundamento, no caso de liquidación da entidade concursada, a calificación dos créditos tamén resulta de fundamental importancia, xa que, con carácter xeral, o pago dos créditos con privilexio especial farase en primeiro lugar con cargo aos bens e dereitos afectos e, con posterioridade, con cargo aos bens non afectos a privilexio especial ou ao remanente que deles quedara unha vez pagados estes créditos, atenderase ao pagamento daqueles que gozan de privilexio xeral, pola orde establecida no artigo 91 e, no seu caso, a prorrata dentro de cada número.

Pola súa beira, o pago dos créditos ordinarios efectuarase a prorrata unha vez satisfeitos os créditos privilexiados e, finalmente, o pago dos créditos subordinados non se realizará ata que quedaran íntegramente satisfeitos os créditos ordinarios.

En definitiva, os intereses xerais defendidos polo Concello de Vigo, únicamente quedan garantidos na súa integridade, se o Concello se persoa no Xulgado que leva o Concurso de Acredores, por medio dos seus servizos xurídicos, como parte afectada, de xeito que teríamos dereito a que se nos notifiquen todos e cada un dos trámites que se fan no citado procedemento xudicial relacionado coa concursada, presentando as alegacións que estimemos oportunas, de ser o caso, así como a participar no citado procedemento dunha forma activa no momento da calificación xurídica da débeda concursal, participando na negociación cos Administradores Concursais para establecer as “quitas” e “esperas” nas citadas débedas ou mesmo exercitando o dereito que ten toda Administración Pública, de adherirse ao convenio final que presentan os Administradores co que iso conleva.

Non obstante o exposto anteriormente, e atendendo a criterios de eficacia e eficiencia na asignación dos recursos dispoñibles, resulta aconsellable que concorran certas circunstancias para que sexa necesaria dita comparecencia procesual, tendo en conta os custos do avogado e procurador con cargo ao Concello de Vigo que tal comparecencia implica, a carga de traballo da Asesoría Xurídica ao engadir esta nova tarefa, e a contía económica das débedas da Empresa declarada en Concurso de Acredores.

Por conseguinte, estimase que o Concello debería comparecer formalmente (persoarse) nos procedementos concursais, só cando se cumpran as seguintes circunstancias:

- Que o importe da suma dos créditos ordinarios e privilexiados supere os 3.000,00 €. Este importe, establecido como límite para o persoamento nos procedementos concursais, coincide co importe da débeda pendente, previsto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vigo, en canto a cuestións como os requisitos esixibles para a declaración de créditos incobrables (art. 50.6) ou a exixencia de garantías en fraccionamentos e aprazamentos de pago (art. 43).*
- O persoamento efectuarase dende o inicio do procedemento concursal, é dicir, dende que a Tesourería/Recadación coñeza da existencia dunha declaración de Concurso de Acredores que afecte a unha empresa que teña débeda pendente con este Concello, e que o importe principal da citada débeda cumpre cos límites do apartado un, ou en calquera outro momento no que a débeda dunha empresa en concurso de acredores alcance ese importe.*
- Atendendo a circunstancias particulares ou excepcionais, sempre motivadas no expediente, o Concello poderá COMPARECER/PERSOARSE en procedementos concursais de contía inferior ao límite citado no apartado primeiro, así como NON COMPARECER/PERSOARSE en procedementos concursais dos que a súa contía sexa superior ao citado límite.*

PROPOSTA DE ACORDO:

De conformidade co exposto con anterioridade, esta tesourería, á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, propón a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Que por parte do Concello de Vigo se compareza en forma (persoarse) como acreedor e parte afectada en todos os procedementos que teñan por obxecto a declaración de concurso daquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan débedas esixibles pendentes de pagamento co Concello de Vigo, liquidadas ou non, tanto en período voluntario como executivo.

SEGUNDO.- A comparecencia realizarase POR MEDIO DA ASESORÍA XURÍDICA MUNICIPAL, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Que o importe conxunto da totalidade dos créditos ordinarios e privilexiados incluídos na lista de acredores dos que o Concello de Vigo sexa titular sexa superior a 3.000,00 €.
- 2.- O persoamento efectuarase dende o inicio do procedemento concursal, é dicir, dende que a Tesourería/Recadación coñeza da existencia dunha declaración de concurso de acredores que afecte a unha empresa que teña débeda pendente con este Concello, e que o importe principal da citada débeda cumpre cos límites do apartado un, ou en calquera outro momento no que a débeda dunha empresa en concurso de acredores alcance ese importe.
- 3.- Atendendo a circunstancias particulares ou excepcionais, sempre motivadas no expediente, o Concello poderá COMPARECER/PERSOARSE en procedementos concursais de contía inferior ao límite citado no apartado primeiro, así como NON COMPARECER/PERSOARSE en procedementos concursais dos que a súa contía sexa superior ao citado límite.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1473).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.166,3 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL-OUTUBRO 2014. EXPTE. 487/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.11.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 19.11.14, conformado polo xefe de Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data 7 de febreiro de 2013, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Área de Fomento e en concreto no servizo de transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Área de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adjudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A.". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adjudique o servizo público referido.

Debido a que o expediente de adjudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 e que ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adjudicación da xestión do servizo publico con numero 429/449 en tramite na actualidade, INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

OUTUBRO

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FX 1014000356	5.445,00 €	13/11/14	140138473
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FX 1014000377	21.721,30 €	13/11/14	140138470

Con data 18-11-14, doc. nº 140140489, Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de OUTUBRO un total 45.589,94 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 27.166,3 € (funcionamento ordinario parking OUTUBRO 2014: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking OUTUBRO 2014 : 21.721,30 €).

Realízanse axustes por importe de +11.253,41 € que se explican no documento de data 18 de novembro de 2014 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 29.677,05 en vez dos 18.423,64 € que procedería ingresar (doc. 140140489 nº 3)

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
SETEMBRO	29.677,05 €	11 DE NOVIEMBRE DE 2014

A factura presentada foi conformada pola Xefatura da Área de Fomento e a Xefatura do servizo de transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento

(fases “O” de recoñecemento da obriga ou “P” de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada.”

Non obstante, o Tesoureiro informa que: “(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)”.

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE OUTUBRO DE 2014 por un importe total de 27.166,3 € con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos parking praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA.

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida

1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe (iva engadido) :

OUTUBRO 2014 : importe 27.166,3 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 21.721,30 €)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1474).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.